

XIII  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*

**XIII**  
*Certame  
Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*

# Soldada

---

A responsabilidade compartida por un grupo de persoas comprometidas nos valores da amizade fan posible que o SIGNO do noso poeta Manuel O. Rodríguez López sexa unha realidade tan viva que se converte no alicerce dunha obra permanente, que se está a espallar por toda a sociedade creando canles de participación e os reflexos precisos para todos aqueles que se senten na necesidade de participar coas súas inquedanzas desde unha orientación humanista.

Todo isto, que non é pouco, grazas a un labor deste Certame que, con trece anos de presenza, ten acreditada a súa vivenza polo mundo enteiro, coa participación de autores de Argentina, Cuba, Chile, Portugal, Paraguai, Uruguay, Reino Unido...

Rebulindo dun xeito extraordinario por todo o país, serva como exemplo a participación nesta treceava edición, agora rematada, na que se recibiron 279 traballos (poesía e narrativa) destacando que os gañadores, nesta ocasión, son de Córdoba, Zaragoza, Cantabria, A Coruña e Ourense.

A saúde do Certame é excelente, o seu futuro cada día máis ilusionante e o compromiso desta Corporación firme. A vez que todos os cidadáns do noso Concello sentímonos agradecidos ao Poeta-Obreiro por converter Paradela nun referente cultural nacional e internacional.

Soldada Mínima serve o mesmo para acreditar o traballo das persoas que fan posible este Certame como para deixar constancia do OBREIRO POETA, tanto dun lado coma do outro, o seu compromiso en ambos os dous eidos da súa presenza física entre nós acreditou a súa sensibilidade coa realidade social, nunha época de dificultades semellantes ás que estamos a sufrir por motivo da crise que teñen as familias españolas, co corazón oprimido.

# Mínima

---

No ano 1979 publicou Soldada Mínima , na que lle saen da alma os mellores poemas da realidade que lle toca sufrir naquelas datas como obreiro do metal na moi estimada e querida por el, Barcelona.

Se fosemos quen de xuntarnos, xunguir ideas desde a diversidade persoal e colectiva e tivesemos as gañas de buscar o acordo, o esforzo positivo e a vontade de traballo que Manuel acreditou, estou ben seguro que atoparíamos as fórmulas necesarias para acadar esa responsabilidade compartida á que facía referencia no inicio deste prólogo e daría os froitos precisos para que ninguén ficara sen o apoio dunha sociedade comprometida, unida na vontade de formar un “corpo” que fose regado polo sangue da solidariedade e xenerosidade.

Sí, Manuel, dende o teu lar, no horto de San Miguel segues a ser referente obrigado, tanto en momentos de lecer coma nos de dificultade, como os actuais.O teu sorriso e as túas verbas melodiosas, sempre axeitadas aos problemas da sociedade, fannos asentar na esperanza de que acadaremos unha sociedade máis nobre e xusta. Que así sexa.

Paradela, novembro de 2008.

**Xosé M. Mato Díaz.**

# *Recollendo as dádivas inmorredoiras do escritor*

---

Agardo que o meu amigo, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero) que me precedeu como prologuista deste XIII certame literario, que non me pida dereitos de autor polo furto que lle fago do seu texto. Mais para min é imprescindíbel dado que me vai abrir camiño e facerme de guía polo que el dixo o pasado ano, con tanta puntualidade e precisión: Cómpre saber que sempre estivo, que nunca regresaba, que nunca abandonou o seu acento imborrable da orixe, nin a súa lingua e pertenza, porque iso era o seu todo. E, xa que logo, foi e foi enteiramente, con orgullo diante de tantas desercións que, aínda hoxe, non son máis que un modo non distinto de renegar, como outros xa fixeron, e que supón alonxarse ofendendo a Casa, esa que a todos nos acubilla.

Coido que ser e estar en Manuel Oreste Rodríguez López foron conceptos de identidade e perseveranza naquelo que un cre. En todo aquilo que precisa de coidados e defensas e, tamén de estímulos. Para un galego de seis anos como os que el tiña cando chegou a unha Barcelona conmovida e silenciada, pola Guerra Civil, nun dos peores momentos da súa historia, onde todos eran sospeitosos e vixiados, mesmo ao falar outra lingua que non fora o castelán, tamén corrían risco.

Ese neno de seis anos, era Manolo Rodríguez López que continuou falando a súa lingua aldeán de Paradela cos seus pais, e chegou a ser escritor nela. Este prodixio é innecesario mencionalo, soamente pasando revista á súa vida de emigrante e, sobre todo, de estudante no Seminario de Barcelona. Isto ten dobre mérito nos inicios represivos da década de 1940. Unha época en que o catolicismo xogou un papel importante no réxime de Franco. En medio de todo aquilo vemos a Manolo preservar a súa lingua e darlle pulo na escrita.

O meu primeiro contacto con este escritor foi co seu libro de estrea: Poemas Populares Galegos (1968), que atopei na desaparecida Librería Porter, na Porta de l'Àngel, no corazón do barrio gótico barcelonés. A súa lectura levoume a moitas lembranzas e a moitos contaxios con Galiza. Pouco despois, Manuel Casado Nieto presentoume a seu autor no Centro Galego de Barcelona, onde Manolo ía puntualmente coa súa dona Irene e seus fillos, Enrique e Santiago. El era obreiro na empresa de motos Ossa e eu na Seat, pronto nos fixemos amigos, e todas as nosas referencias estaban en Galiza, ese portento de afinidades para conservar o seu atributo e a credencial maior como é o noso idioma.

Manolo sempre foi fiel ao verbo galego. Os dous alimentamos coherencia proletaria, discurso de fábrica desde diversas perspectivas, el era mais pacífico, eu mais contundente e radical. Pese a isto podemos entendernos dialecticamente. Coido que a concordia e a esperanza déronlle forma, tanto no ser como no estar. Naqueles anos setenta, de loitas e convulsións políti-

# Manuel Oreste Rodríguez López

---

cas, onde os obreiros metalúrxicos tivemos un protagonismo constante, Manolo escribe o poemario: Soldada Mínima. Na dedicatoria que acompañaba ao libro que me ofreceu, salientou: Para o meu bon amigo, poeta e escritor, Xosé Lois García, que tanto sabe da problemática obreira que estamos a sufrir na Gran Cidá. Tanto os seus poemas como esta dedicatoria, expresan boa parte dese caudal proletario que sempre o acompañou.

Basilio Losada, prologuista de Soldada Mínima, menciona o seguinte: Dende as súas terras luguesas chegou a Barcelona, hai xa anos e anos. Eiquí medrou, loitou día tras día, e sobre todo, traballou e deixou anacos de esperanzas e de soños na laboura da fábrica, na loita cotián, no esforzo anónimo, gris e mal pago. Estas verbas do profesor Losada, pode que nos coloquen fronte a fronte do home de aldea que fixo patria galega desde o seu esforzo proletario. Mais neste senso introductorio da súa temática poética, pode que X. L. Méndez Ferrín nos achegue a varias dimensións e frecuencias de Manuel Oreste Rodríguez López, no seu libro: De Pondal a Novoneyra, cando di: Os grandes temas deste autor son dous: a evocación do pasado, da infancia e da aldea (...) e a diatriba contra a cidade, o capitalismo e a explotación do proletariado.

Detrás de toda esta imaxe está o humanista silencioso que fixo os seus deberes con Galiza, cos emigrantes que a cotío emerxeu de tantas contradicións que ofrece a grande cidade. Coido que o Centro Galego de Barcelona, foi para Manolo unha especie de templo onde o podíamos ver con asiduidade. Sempre completo e afanado en esforzos. Aquí conectou con centos de galegos e entrou nas súas entretelas para darnos con emoción esa inversión de esforzos que se condensaron nos dous volumes de Galegos en Catalunya. Testemuñas vivas que completan vontades dos que promoveron vencellos coa terra nativa.

Por iso entendemos todo ese universo composto e erixido por homes que traballaron e traballan baixo o imposto da soldada mínima. O mundo incomprendido –moitas das veces– dos asalariados ten un perfil exacto dos que producen plusvalía, por iso a palabra xusta e nunca claudicante de Manolo permítenos adentrarnos en todo ese mosaico tan descoñecido como inconcluso dos traballadores.

Na obra literaria de Manuel Oreste Rodríguez López, compéndianse varios horizontes alén do poético. El fixo incursión como cronista. Unha crónica de viaxes ao lado de Anxel Fole. Un libro necesario e vital que nos destaca un Ánxel Fole moi distinto e moi distante do tópico que moitos foron tecendo sobre o escritor lugués, sen coñecelo. Coido que Viaxes con Anxel Fole, de Manolo, marca ese parámetro descoñecido das andainas do autor de Terra Brava. Toda una crónica necesaria á que temos que acudir para coñecer e entender o universo foleano.

---

Con anterioridade citei, paseniñamente, a Manuel Oreste como humanista, e neste senso, sen exceder e sen buscar conceptos do mesmo, direi que todas esas atribucións humanistas procésanse desde dous vínculos converxentes, do lado galego e do lado cristián. No seu libro de prosa, Reencontro coa aldea danos unha boa dose humanista do noso medio rural, tan concreto como conciso na formación dos galegos. Do microcosmos de Paradela emana a conciencia galega de Rodríguez López, en toda a súa dimensión humanista e, tal vez, esporádica dado que el non viviu o día a día, a non ser nesas reencontros. Mais hai unha enfática constante, non premeditada, que xurde da alma galega dunha maneira envolvente e nunca serodía.

A esta transcendencia humanista, temos que engadir o que en el tivo o humanismo cristián; compre non confundir coa prédica católica de Seminario que Manolo estudiou. E cando dicimos humanismo cristián non estamos someténdoo a rémoras relixiosas, senón concibindo un concepto espiritual amplo, emanado da tradición ancestral da cultura galega onde o cristianismo se ten emancipado. Por iso é que Manolo conforma o seu humanismo desa emanación con dúas particularidades que non admiten desencontro.

Lembro moi ben que nunha ocasión mencionei a parroquia de Segán, no norte do concello do Saviñao, da que era a miña mai, e emocionado lembroume que Segán, Chaves e Vilaesteva eran terras lindantes coas de Paradela e que el coñecía. Tal vez antepasados del e meus se coñeceran ou tiveran convivencia, teimaba. Este emocional reclamo dun espazo de convivencia conforta ese outro espazo humanista que emana dun acontecer dinámico da nosa cultura, do cotián e da relación frecuente entre os que conforman aproximidades. Isto confirma en Rodríguez López a xeografía humanista, sempre xurdida de relacións de núcleo extensivo.

Un dos dons que sempre practicou Manolo Rodríguez foi o sentido da amizade e o amor pola Matria galega. Os corenta e oito anos que estivo en Barcelona non foron un factor de separalo, todo o contrario, o fervor e a devoción polo seu eido nativo o practicou dunha maneira xenerosa e plena.

A última vez que estiven con Manolo foi nun congreso de escritores que se celebrou en Lugo en 1989. Estivemos xuntos e presentoume a persoas que eu non coñecía persoalmente como Xosé Traperó Pardo, demos unha camiñata polo perímetro da muralla, as conversas xurdiron sobre varios aspectos da Cataluña proletaria e combativa que nos tocou vivir na década dos setenta e dunha maneira diferente entre os dous. Barcelona era unha cidade moi grande para a pacífica convivencia de Manolo. Lugo era a medida exacta, a que lle achegaba con frecuencia ao seu San Miguel de Paradela. Naquel congreso fomos de visita a Mondoñedo, lembro que eu ía entre Manolo Rodríguez e Uxío Novoneyra, os dous me fixeron de guía, e os dous suspendían de súpeto a conversa para informarme. "Olla, baixo aquel tellado da casa

---

de Hortas naceu Manuel María, estamos en Outeiro de Rei”, comentaba Novoneyra. O Manolo, advertiume: “Atención, que o autobús vai pasar por enriba do regato do Cepelo, de Manuel María”. Así aconteceu até Mondoñedo. Despois os tres fomos visitar a tumba laica de Manuel Leiras Pulpeiro. E pouco despois deste encontro a noticia do seu pasamento arripoume, nunca a comprendín. Sempre un non chega a dimensión de comprender a morte, e menos a de aceptar a deste amigo.

Pasaron os anos e coido que a Manuel Oreste Rodríguez López se lle fai xustiza permanente por parte do Concello de Paradela. Recoñecer a súa autoría na divulgación das terras que amou, creando un certame anual co seu nome, sen dúbida é o agradecemento a un home que amou ese medio rural que lle deu o ser, e que o enriqueceu en todo ese emerxer cultural que emana dunha Paradela silenciosa pero sempre activa na obra de Rodríguez López. Unha obra que espera que algunha vez o Concello de Paradela consiga unificala e a vexamos como obra completa nun ou dous volumes. Unificar a súa obra dispersa en libros é unha necesidade para a veciñanza de Paradela e para que os demais galegos teñamos unificado a un autor de referencia e de sobresaíntes estímulo polo seu propio microcosmos.

O certame literario Manuel Oreste Rodríguez López xa cumpríu unha ducia de convocatorias e o presente, o XIII certame, abre as portas a unha segunda ducia, na que o seu nome está vencellado a unha creatividade por parte dos concorrentes. Un certame que ten un nome propio, o do poeta de Paradela, e unha calidade literaria que, en ocasións, catapultou a voces literarias de interese para as nosas letras.

Nesta XIII edición literaria, ao redor de Rodríguez López, ampliáanse as motivacións dos que participan e así se mostran os esforzos de protagonizar fenda nova e fecunda, pola que emerxen novos valores e extraordinarias vontades para celebrar a un escritor de esforzos nunca minguados; de conmemorar as telúricas e pantéistas terras de Paradela, que conferiron recio ser existencial a Manuel Oreste Rodríguez López. Por iso, a concorrencia fica ao redor do noso escritor que nos convoca á súa transcendencia; a vivir como galegos e representando sempre a esa vella estirpe de homes que pasiño a paso fixeron país.

Desexamos que o convivio deste XIII certame literario dimensione a este escritor e a súa terra nativa. Fructifique nos que dan pasos certos neste curso literario para que Manuel Oreste Rodríguez López continúe sendo referencia dos que cabalgan por múltiples itinerarios desta nosa Galiza inmordeira.

Xosé Lois García. Barcelona, 5 de novembro de 2008



---

O Concello de Paradela, co obxectivo de potencia-la creación literaria, convoca o XIII certame literario:

PRIMEIRA: Poderán concurrir anualmente ó certame literario Manuel-Oreste Rodríguez López, tódolos autores que o desexen, calesqueira que sexa a súa nacionalidade.

SEGUNDA: Establécese un premio de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de poesía e outro de 600 € para a obra que resulte seleccionada polo Xurado no apartado de narrativa.

TERCEIRA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos; nos dous casos mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditas, non premiadas en calquer outro tipo de concurso e estar escritas en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria; podendo o Xurado reservarse a facultade de conceder os accésits (carentes de dotación económica) que estime oportunos.

CUARTA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil sete. As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, á seguinte dirección:

**CONCELLO DE PARADELA**  
**Certame Literario (Modalidade Poesía / Narrativa)**  
**Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15**  
**27611 Paradela (Lugo)**

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do/a autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia e declaración formal de que a obra se axusta ás normas contenidas na base terceira. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de participación nos dous apartados, deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

# Bases

---

QUINTA: O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo o día 1 de marzo de 2008 e farase público polos medios de comunicación; comunicándose personalmente ós gañadores. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

SEXTA: O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de 6 meses, contados dende o momento do fallo.

SETIMA: As obras non premiadas, así como a súas plicas, non serán restituídas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López-2007.

OITAVA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, o día que estableza o Xurado.

NOVENA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 2007.

---

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas do día catro de abril de dous mil oito, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz (Alcalde do Concello de Paradela), como Presidente; D. Xoán Xosé Molina Vázquez (Ilmo. Sr. Delegado provincial de Cultura e Deporte); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego); D. Xulio Xiz (Funcionario da Delegación provincial de Cultura e Deporte); e D. Xavier Rodríguez Barrio (escritor) como vocais. E D.<sup>a</sup> Natalia García Valcárcel, Secretaria do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma e coa ausencia de D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López, procedeuse a efectuar unha valoración da evolución experimentada polo certame literario dende a súa creación estando xa na súa 13<sup>a</sup> edición, efectuando un balance altamente positivo por canto pese a escasa cuantía ou escasa dotación económica do premio e o carácter de pequeno municipio rural do organizador, ano tras ano, mantense unha importante participación fronte a acadada en outros premios provinciais que cunha maior asignación económica, motivada en gran medida polo feito de que as obras premiadas e accesits son posteriormente publicadas, pese o importe esforzo que elo supón para o Concello de Paradela.

Respecto a presente edición o xurado igualmente resalta o gran número de obras participantes con gran protagonismo das recibidas fóra da comunidade autónoma.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Primeiro: Outorgar o premio de POESÍA, á obra presentada baixo o lema Oscuridad, titulada Hoy quiero analizar mi trayectoria.

# Fallo do xurado

Acta de constitución

“XIII Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López”

---

Aberto o sobre, comprobase que a obra pertence a D. Feliciano Ramos Navarro, con enderezo en Montoro (Córdoba).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de POESÍA.

-Accésit, á obra presentada baixo o lema E. Allan Poe, titulada O corvo. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. José M. López Calo, con enderezo en Zaragoza

-Accésit, á obra presentada baixo o título Sogas. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D.<sup>a</sup> Cristalina López Rodríguez, con enderezo en Ourense..

Segundo: Outorgar o premio de NARRATIVA, á obra presentada baixo o lema Hércules, titulada O día que Eva fai trinta e tres anos. Aberto o sobre, comprobase que a obra pertence a D. Moisés Alvarez Jorge, con enderezo en Vedra (A Coruña).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de NARRATIVA.

-Accésit, á obra presentada baixo o lema Mauro Mettler titulada La peluquera. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D.<sup>a</sup> Carmen Cuevas Crespo, con enderezo en Liaño-Villaescusa (Cantabria).

-Accésit, á obra presentada baixo o lema Arl. Vainaherva. com titulada Entre lusco e fusco. Aberto o sobre, compróbase que a obra pertence a D. Julio Romero Suárez, con enderezo en Pastoriza-Arteixo (A Coruña).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e trinta minutos, do que eu como Secretaria dou fe.



## Feliciano Ramos Navarro

Feliciano Ramos Navarro nace en Cerro Muriano (Córdoba). Es maestro del primer ciclo de Enseñanza Secundaria, en la especialidad de Geografía e Historia, desempeñando actualmente su profesión en el I.E.S. "Antonio Galán Acosta" de Montoro. Es miembro fundador y secretario de la Agrupación Literaria de Montoro. Secretario de la Coral Polifónica Montoreña y su Orquesta de Pulso y Púa (voz de bajo y bandurria 1ª). Vocal del Club Recreativo y Cultural "Ilígora".

Ha sido pregonero, colabora en diversas publicaciones, en jurados literarios, como presentador en actos culturales, en recitales, como ilustrador, como letrista de obras musicales, etc.

Fue elegido "Montoreño del año 2002" de la localidad de Montoro.

Amante de la poesía, ha conseguido en esta disciplina más de 300 premios literarios, tanto nacionales como internacionales.

### LIBROS DE POEMAS PREMIADOS / PUBLICADOS

INEVITABLE PEREGRINAJE – PREMIO CIUDAD DE BAENA (CÓRDOBA)

DUALIDAD VITAL – PREMIO VILLA DE GRAZALEMA (CÁDIZ)

MI YO DESDOBLADO – PREMIO MIRANDA DE EBRO (BURGOS)

EX AMOREM AD MORTEM – PREMIO VILLA DE ESPEJO (CÓRDOBA)

SIEMBRA DE MOSTO Y VINO – PREMIO VINOS LA MANCHA DE ALCÁZA DE SAN JUAN (CIUDAD REAL)

PALPITACIONES MONTOREÑAS – EDITADO POR LA DIPUTACIÓN DE CÓRDOBA Y EL AYUNTAMIENTO DE MONTORO.

### LIBROS DE POEMAS INÉDITOS

LITURGIA DE EROS

MEDITACIÓN EXISTENCIAL

AGÓNICA IMPOTENCIA

ÚLTIMAS VIVENCIAS

AMOREM TESTARI

DOLOR FEMENINO

PAZ Y AMOR PARA EL OLIVO

# *mi trayectoria. Lema: Oscuridad*

Feliciano Ramos Navarro

---

Hoy quiero analizar mi trayectoria  
por el camino impuesto de la vida  
y quiero una respuesta definida  
a la constante duda de mi historia.

Siempre vivo pensando que la gloria  
de toda mi existencia me convida  
a gozar y gozar, mas confundida  
mi alma no comparte tanta euforia.

Prosigo por mi senda sin aliento  
ya que la vida impone su camino  
y ante su imposición yo me rebelo.

Porque si no elegí mi nacimiento  
no es justo que al final de mi destino  
me ofrezcan sólo Infierno o sólo Cielo.

¿Por qué si al iniciar mi primer paso  
no pude poner fin a mi andadura?  
¿Por qué me invade siempre la amargura  
de no poder jamás fijar mi ocaso?

¿Si nací programado puedo acaso  
librarme de esta impuesta dictadura?  
Creo que no es posible su atadura  
ya sabe de antemano mi fracaso.

Nací – no sé por qué- desde mi cuna  
nadie me dio respuesta a mi argumento  
y con la duda sigo mi viaje.

Un día será el fin y sin fortuna  
mi vida dejará en su testamento  
desnuda mi maleta de equipaje.

## *Hoy quiero analizar mi trayectoria*

Mi incertidumbre rumio, si alguien quiso  
concederme mi ser, mi vida inquieta  
llegará sin remedio a alguna meta  
sin saber cómo y cuándo, sin aviso.

Y en el tramo final , sin mi permiso,  
como el viento que mueve una veleta,  
mi alma convertida en marioneta  
¿gozará la visión del Paraíso?

Escalaré los últimos peldaños  
y temblarán mis piernas por el miedo  
al sentir el final de mi jornada.

Consumo el paso torpe de mis años  
y temo que me ofrezcan como credo  
la oscuridad del reino de la nada.



¿Qué culpa tengo yo de haber nacido?  
¿Acaso soy culpable de vivir?  
¿La fuente donde mana mi existir  
se secará cuando haya fenecido?

La vida me la dieron, la he vivido  
ignorando la razón de mi morir.  
Cuándo tenga de pronto que partir  
¿ me tragaré la boca del olvido?

Bien sé que mi existencia es realidad,  
que soy porque alguien quiso que yo fuera  
pero dentro de un límite finito.

Mas por mucho que busco mi verdad  
no puedo comprender que cuando muera  
mi yo pueda alcanzar el infinito.

## *Hoy quiero analizar mi trayectoria*

Mas eso es algo que jamás rechazo  
a pesar de que nunca lo comprendo.  
¿Cómo puedo al morir seguir viviendo  
si mi vida cumplió su corto plazo?


Aunque sienta el terrible manotazo  
que en tierra me derribe, nunca entiendo  
que al dejar de existir yo siga siendo  
y vida y muerte se unan en un lazo.

Me queda la esperanza de la duda  
y puede que otra vez nazca mi espiga  
del corte inconsolable de mi siega.

¿Mi alma quedará sola y desnuda?  
¿O acaso tras la muerte yo consiga  
una eterna verdad: Alfa y Omega?

Hoy quiero analizar mi trayectoria  
por el camino impuesto de la vida  
y quiero una respuesta definida  
a la constante duda de mi historia...

**Feliciano Ramos Navarro**



## **JOSÉ Mª LÓPEZ CALO**

- Nombre literario: JOSÉ Mª CALO (mi firma literaria en todas mis obras editadas), o Xosé Mª Calo
- Lugar y fecha de nacimiento: Santiago de Compostela, 13-4-46
- Lugar y fecha de residencia: ZARAGOZA, desde 1.951

### 1.-OBRA EDITADA:

#### POESIA:

- Diálogo Invertebrado - Col. Poemas – Zaragoza, 1.968
- El ciprés y la Novia / Risala del Amor Ausente - Ed. Campzar – Zaragoza, 1.987
- Ujida del Angel - Col. San Jorge – Zaragoza, 1.983

#### ANTOLOGIAS:

- Poemas a viva voz II- Antología y plica individual - Col. San Jorge – Zaragoza, 1.989

#### NARRATIVA:

- Hadit del Caballero Templario- Ed.Obelisco – Barcelona, 2.001

### 2.-PREMIOS:

- Poesía Hispanoam. Universitaria, 1.966: Primer premio
- Poema de Amor Amantes de Teruel, 1.970: Mención de Honor
- San Jorge de Poesía, 1.983: Primer premio
- Villa de Benasque, 1.986: Primer premio
- Fernando Rielo 1.983, 1.984 y 1.993: Finalista
- Villa de Benasque de Poesía/Aut. Arag.- 2.007: Primer premio
- XXIX Prem. Int. de Poesía CIUDAD DE MELILLA, 2.007: Finalista
- I Prem. OROLA de VIVENCIAS, 2007: Selecc. para publicación
- II Conc. Int. de HAIKU Univ. de Albacete, 2007:
- XIII Certamen Manuel-Oreste Rodríguez López, 2.007: Primer accesit de poesía por "O CORVO".

3.-OBRA INÉDITA: Unos 22 libros de poesía -de ellos, uno en gallego- y 3 de relatos.

# O Corvo

José M.<sup>a</sup> López Calo

---

Fermoso,  
negro emplumado mensaxeiro  
do estraño misterio da noite revestido  
e de silencio.

Soberbio,  
enigmático animal,  
maxestoso, afastado, indiferente...

Consciencia viva  
dalgún perfil oculto do mundo  
- que non vemos -  
baixo o aceiro livián das túas pavonadas plumas.

Mudo testigo, heráldico ministro  
e secreto hierofante  
do perdido trasfondo do profundo lago,  
eterno,  
do cal brotan as ánimas un intre  
ao sono evanescente da vida  
e ao que por fin regresan pra facerse un  
interminablemente.

Calado, sabio corvo,  
a túa mirada,  
a dobre gota de acibeche vivo dos teus ollos,  
de onde surxe e a onde che conduce.  
- Oscuro fogo xelado que devora  
o constante espexismo renovado  
do mundo e os seus reflexos.-

Dende onde as tuas ás trouxeron  
o teu corazón,  
rubí de sangue, noite e fogo acompañados.

De qué campos eternos do sonido  
brotou a fror irregular e crebadiza  
da túa áspera voz enrouquecida.

Fermosa, inqueda ave solemne,  
páxaro de sombra saturado e, porén,  
devorador de luz nos teus croamentos.

Fillo e amante da fría lúa,  
augur de escuridades  
e porén habitador do día.

Profeta funeral de canto o tempo  
fugazmente ha finxido,  
o teu forte peteiro creba os fráxiles espellos  
do sono entretecido polos días.

Liberado filósofo do vento, solitario  
misántropo das fragas e das altas penas.  
Austero e sosegado señor dos derrubados muros,  
predicador lacónico e túzaro entre esquecidas ruínas.  
- Negra frecha de pluma cuxo rumbo o branco  
cadáver da vida traza.-

Apóstolo agoireiro do efémero; místico  
legado melancólico  
da varia, precisa morte oculta  
que anuncia unha nova alborada do espírito,  
libre por fin de cárcere e cadeas.  
- Ficcions e quimeras de sí mesmo,  
exacta negación do universo vivo.-

Mítico fabulador de impermanencias,  
arcano embaixador doutros paisaxes,  
¿ónde o teu secreto niño abandonado;  
ónde,  
en qué interior durmido das almas,  
a túa voz,  
a túa oscura luz agardan?...

Sombrío nigromante e taciturno,  
emblemático feiticeiro,

negro amanuense que no alto ceo  
dibuxas o conxuro do teu voo; bruxo  
do aire a cuxa lei o tempo  
cólbase de nostalgia  
e invádenos a alma enmudecida.

Príncipe da alquímica alianza  
do exacto poder e real coñecimento.  
Mago e adepto de liñaxe antigo,  
quimérica estirpe de adiviño.  
Mistérico mestre,  
mendigo errante anacoreta do sentido,  
qué estrañas nubres e secretos labirintos  
interiores  
a túa mirada percorre e nos aluma.

Talismán lendario do oculto,  
presaxiador simbólico e oráculo  
sutil  
de raras señardades non inventadas;  
evocador exótico e constante  
de insólitas visións.  
Fabulosa alquitara palpitante  
onde a luz alcanza a ser a mesma  
esencia prodixiosa e simple da vida.

Corvo-tódoloscorvos, cada-corvo  
do mundo, dos mundos;  
e ese único-corvo deste solo instante  
irrepetible, eterno e tan efémero  
que a fugaz consciencia apenas o adiviña  
alentando entre aceiradas plumas...

¿De que sombra de mín  
eres a alada sombra; de qué  
ignorada sombra eu de mín  
son hoxe a pasaxeira sombra  
dividida?

Xosé M<sup>a</sup> Calo  
ZARAGOZA, setembro, 2.007



**Clara Martín  
(Cristalina López Rodríguez)**

Verín-1968. Escritora en lingua galega e castelá foi galardonada con distintos premios literarios como o da III Romaría Etnográfica Raigame (Celanova-Ourense) no que acadou o primeiro premio co relato Ficarei en Lisboa e primeiro premio tamén no IV Certame de Relato Curto do Concello de Mugardos co conto “Verde herba verde”, segundos premios no “Airiños do Xunco” (Lugo) e o XIV Certame literario de Piñor (Ourense) coas obras Á sombra da estatua e O bicos de Xudas respectivamente, finalista en certames internacionais e nacionais como o Certamen de Relato Corto Abaco coa obra Pienso palabras ou no VI Certamen de Narrativa Corta “Carmen Martín Gaité” de Madrid co relato “Las manos del alma”. Colaborou no libro “Sempre mar” do Colectivo Burla Negra da Plataforma Nunca Máis. Así mesmo ten distintas publicacións en páxinas web e mencións honíficas en diversos certames literarios. Actualmente exerce como dramaturga nas obras representadas pola compañía teatral “Siete lobos”(Madrid).

# Sogas

Clara Martín

---

1

Cala,  
estou escoitando o trasfego do teu sangue  
no percorrer das veas.  
Cala,  
calculo o tempo que tarda o aire  
en rozarche os beizos,  
computo o número de bágoas que malvendiches  
nos camiños tortos polos que pasaches,  
deduzo alentos,  
conxecturo soños.  
Cala,  
falar por non escoitar o silencio  
castígase co cárcere,  
contar os bicos desta soa tarde  
enche toda unha noite de soidades.

2

Córtame a soga  
que me enredaches na gorxa  
a cada suspiro meu.  
Córtame a soga tecida de veas sen sangue,  
trenzada cos meus xemidos  
a cada embiste de teu corpo.  
Córtame a soga e déixame libre,  
seca e libre,  
eterna e libre,  
soa e libre.  
Esquézome de respirar de tanto pensarte  
atada a ti, libre de min...  
dona da nada.  
Desata o nó dos meus beizos  
para que poda berrar outros nomes.  
¡Sóltame! Quero perderme  
noutras noites de soños novos.  
Córtame a soga para chorar a túa ausencia  
porque compartir a túa presenza afógame.  
Córtame a soga.



3

Espida,

verte así, espida,  
coas marcas do flaxelo,  
aldraxada,escarnecida,  
achégame a ti,  
fáime solidario da túa dor...

Espida,

Non é o ceo do teu corpo,  
non é o inferno da túa ausencia,  
é a túa alma espida ó vento  
marcada de cicatrices  
a que me ata a ti  
es ti, si  
espida de min.

4

Mírate,  
desenfocado, intruso,  
en perfecta harmonía co gris.  
Mírame,  
esbozando sorrisos  
detrás do obxectivo  
baleiro de ti.  
Tócame  
¿ou non te atreves sen dedos, sen mans?  
déixame,  
enchérasme de ausencia se vés,  
pisotearás as lembranzas que agachei.  
Mírate,  
desenfocado, iluso,  
amoreando pegadas no chan,  
aforrando bágoas de sal.  
Vaite  
e leva contigo as noites que saben a mar.

Mírame,  
en perfecta harmonía sen ti.

5

Coas mans espidas éñchote de tacto,  
coas mans espidas vístote de pel,  
moldeo o teu rostro  
con barro feito de suspiros mollados.

Coas mans espidas de dedos  
marcho  
eivado, manco de ti  
enxoito e fragmentado.

6

Pensei moreas de palabras,  
repasei alfabéticamente o medo  
a perderte  
e pensei palabras como xugos,  
palabras como cadeas,  
palabras como sogas.  
Logo decateime de que amo as palabras libres  
e o medo a que voen  
é o que as fai máis grandes.  
Pensei moreas de palabras  
que, científicamente, explicaran o desexo  
e entendín que amo a palabra insubordinada,  
rebelde e descarnada.  
Mírome nas tús pupilas que reflicten os meus erros  
e busco palabras que non dubiden  
e vexo que quedan latexando nos meus beizos,  
palabras como soños,  
palabras como tempo.

Pensei moreas de palabras  
e todas tiñan ás de volvoreta.



### **Moisés Álvarez Jorge**

Nacín en Sanguñeda, no concello de Mos, en 1979, e vivo na Ponte Ulla, en Vedra. Son licenciado en xornalismo e exerzo ese oficio. Entre os anos 1995 e 2000 escribín un bo número de poemas e relatos, cos que fun premiado nun par de certames. Nos últimos anos escribo ficción con menor asiduidade, centrado en proxectos alleos á escritura, como colaboracións periódicas, a comunicación do Festival de Cans de curtametraxes e a coautoría do blog [acasadaulla.wordpress.com](http://acasadaulla.wordpress.com).

# *fai trinta e tres anos*

Moisé Álvarez Jorge

---

Ás cinco e media do día que Eva fai trinta e tres anos, ve como se afasta o seu único desexo para ese día: ir á praia. Parécelle unha pretensión modesta, nada fóra de lugar para un sábado de xullo que ademais resulta ser o seu aniversario. Tamén a única maneira de sobrelevar a xornada. “Fago trinta e tres e vou pasar o día aquí metida”. Quixera estar afundida no medio da area adormiñada polo sol, pero César non aparece. Deitada no sofá pulsa con desgana os botóns do mando sen facer caso das imaxes que alternan no televisor. Hércules, un can demasiado grande e peludo para un pisiño como o dela, lámbelle os pés espidos. O tacto viscoso da lingua do animal resúltalle desagradable, pero é a maior dose de cariño que recibiu no día, así que déixalle facer.

Eva non ten claro a que hora comezan os seus días. Traballa a quendas nunha empresa auxiliar do sector da automoción, polo que en demasiadas ocasións érguese da cama cando xa caíu a noite. Para non pensar nos días sen luz e no caos horario no que vive, trata de non prestar atención ao paso das horas, razón pola cal non leva reloxo no pulso e pola contra comproba a hora no móbil cunha frecuencia febril. O día que Eva fai trinta e tres anos comezou a iso das catro da tarde, cando a calor sofocante, unhas raiolas de sol que entraban pola ducia de ranuras abertas na parte superior da presiana e o bailongo vibrante do móbil sobre a mesiña se conxuran para despertala.

A noite anterior ao día aquel Eva entrou a traballar ás dez. Durante oito horas estivo de pé diante dunha cinta transportadora, comprobando que todas e cada unha daquelas peciñas de pvc saían da máquina sen ningún defecto. Facía o mesmo dende hai tanto tempo que non lle requería demasiado esforzo nin atención. Durante oito horas só cruzou as palabras xustas co encargado e coas súas compañeiras de quenda, ás que consideraba unhas lerchas, sen distincións. Ás seis deixou a factoría e en vinte minutos estaba na casa. Tomou unha ducha. Cun anaco de musaka que atopou na neveira, leite e cereais preparou unha comida á que non sabería se chamar cea ou almorzo. Cando se deitou xa pasaba das sete e o día comezaba a clarear. Fíxose un oco empurrando a César, que a tal hora durmía encollido no centro da cama. Tiña o corpo baldado polo cansanzo: notaba certo peso sobre os ombreiros, os brazos tirantes, as costas agarrotadas nas proximidades dos omóplatos e

unha lixeira dor na coxa esquerda, sobre a que ao traballar deixaba caer o peso do corpo.

Esa semana as noites non refrescaban o máis mínimo, o que non axudou nada a que Eva durmisse. Acompañábaa dende que entrara na fábrica un ruído que no silencio da cama resultaba moi molesto. A pesar da fatiga, da hora e da obstinación coa que pechaba os ollos non conseguía quedar durmida. Tampouco as pilulas que lle recetara o médico tiñan nela o mesmo efecto que cinco ou seis semanas atrás, así que deu unha morea de voltas antes de conciliar o sono.

Despertou soa na cama á hora na que os párvulos toman a merenda. No móbil tiña media ducia de mensaxes de felicitación que lle foran chegando ao longo da mañá. Mamá di que felices trinta e tres e bicos de teu pai. Adriana que parabéns, déixate caer por aquí e tomamos un café. Camilo que outro ano pasa e eu aínda me sigo lembrando de ti. Conchi que moitos bicos e a ver cando te pasas por casa, os teus sobriños teñen xa ganas de verte. E tamén Marcos, Ánxela e Raquel. A mensaxe de Camilo contrariouna; borrouna axiña da memoria do aparello e tratou de facer o mesmo na súa cabeza.

Ergueuse, volveuse duchar e quentou unhas talladas de carne guisada que preparara César. Sobre a mesa do salón atopou un papeliño amarelo coa palabra “Felicidades”, escrita con aquela letra imposible que ela coñecía ben. Debaixo desa escualida declaración, dous paquetiños envoltos en papel de cores con formas delatadoras : un libro e un cd. Dende entón ata as cinco e media do día en que chega aos trinta e tres anos, Eva permaneceu deitada no sofá, pensando en que sen dúbida preferiría despertar nalgún dos outros trescentos sesenta e catro días do ano, dos que non debía esperar nada especial. O único que lle apetece nese momento (reptese) é cambiar o skay fondón do seu sofá pola area da praia.

Para iso só falta César. Eva pode dicir del sen temor a esaxerar que é unha persoa encantadora que pon algo de orde na súa caótica vida. Encárgase da maior parte das tarefas do fogar, procura que ela teña sempre algo sabroso para comer cando chega de traballar e ao erguerse da cama, encárgase das compras e en xeral de administrar a economía da parella, ademais de ser obxectivamente guapo e un amante fogoso con numerosos recursos. Pero Eva tamén pode dicir sen equivocarse o máis mínimo que César é unha persoa pouco sensible, que prefire a compañía dos seus amigos antes que a dela. Leva dous anos finxindo que prepara unhas oposicións ás que aínda non se presentou, gasta o tempo del e o diñeiro dela en muscularse no ximnasio, escoita pouco para o moito que fala e nunca lle propón sair a facer algo xuntos, ademais de ter unha preocupante tendencia á esaxeración e de practicar o sexo con demasiada impaciencia.

## *O día que Eva fai trinta e tres anos*

O día que Eva alcanza a súa terceira idade capicúa, César chega a casa a media tarde coa súa característica locuacidade, acompañado dun tipo calado que ela vía por primeira vez. Saúdaa con palabras cargadas de diminutivos e subliña a data, a idade, a felicidade. Preséntalle ao outro, que se chamaba Vilas, e di non sei que dun disco de Blur como escusa para apagar a tele e acender a minicadea. O tal Vilas instálase no sofá, prende un cigarro e ofrécelle outro a ela. César abre portas na cociña. Sobre a voz de Damon Albarn lanza a pregunta “Apetéceche un güisqui?”, e o non de Eva e o si daquel home confúndense no aire. En cuestión de minutos no salón instálase un diálogo desigual entre César e ese Vilas polo que pasan o ximnasio, dous monitores xemelgos, as aptitudes hereditarias, as estirpes de deportistas, os últimos triunfos do Madrid de baloncesto, a dopaxe na NBA. Cando aquela conversa na que un achega un torrente de datos e suposicións e o outro discretas cláusulas aseverativas volve arribar no ximnasio e o ruxerruxe barato, Eva interrómpenos para preguntarlle a César polo coche. “Está no alto da rúa, fronte á pizzería”. “Voume. Lémbreste? Quedamos de ir hoxe á praia”. E dicindo isto deixa o salón. Toma o seu tempo para cambiar de roupa e xuntar a toalla, o bronceador, un libro. Aínda non atopara as chanclas cando escoita bater a porta. César despedíuse do seu amigo e vai con ela á praia. “Claro, Evi, como non vou ir, xa sei que o faláramos. Precisamente me contaba este amigo dunha caliña apartada...” Hércules apuntouse cun ladrillo entusiasta.

Eva preferiría ir á praia de sempre. Admite que é difícil aparcar, está sempre atestada ata o punto de que con marea alta é difícil pousar a toalla, e a auga acostuma estar avolta. Pódese dicir que non ten ningún atractivo, pero está moi cerca da súa casa e xa pasan das seis da tarde. César insiste nas bondades daquela cala que lle describiu o amigo: apartada, solitaria, de area tan fina que asubiaba ao camiñar sobre ela, rodeada dun frondoso piñeiral e cunha vista fermosísima, máis aínda á hora na que se pon o sol. O argumento que a convenceu foi que alí si poderían levar a Hércules. Así que parten cara aquela praia a pesar da hora e da distancia á que se atopa, que fan pensar a Eva que para cando cheguen o sol xa non quentará. Pero, acaso non quería un aniversario discreto? Que mellor forma de celebralo que afastarse do mundo por un momento?

O traxecto é longo, sobre todo para Eva. César conduce co seu entusiasmo habitual. Selecciona cancións no reprodutor de mp3, súbelle o volume case ata o máximo, cantaruxa, chapurrea tres ou catro frases en inglés e cada tema sérvelle para impartir unha lección sobre o grupo ou artista en cuestión, a importancia do disco no seu momento, esa liña de baixo inspirada por tal outro músico, as desavinzas entre o cantante e o guitarrista e

unha restra de anécdotas que parecían tan programadas como as que día tras día recitan os guías turísticos diante dos monumentos que eloxian unha e outra vez. Eva vai afundida no asento de acompañante, coa mirada perdida nunha paisaxe descoñecida que lle resulta indiferente. Ás veces emite un “ahá...”, un “vaia” e incluso algún “sí?”, que animan a César a seguir pinchando cancións e teorías coa aprobación ladrada de Hércules. A autovía pola que circulan desenvoca nunha estrada de dous carrís que vai dar nun camiño estreito no que cada vez se ven menos casas. Tras deixar atrás o que parece o último grupo de vivendas tomaron un camiño de terra cheo de socavóns que se adentra nun monte mesto de eucaliptos e piñeiros que lles impide ver o mar. Eva dúbida se estarán perdidos, pero César conduce con seguridade. Levantan tras eles unha densa poeira que borra a visión do que van deixado atrás.

O camiño remata nun claro no medio da arboreda. Alí hai dous coches aparcados, e entre os eucaliptos acertan a ver o mar e unha estreita porción de area. Baixan para facer andando os metros que os separan da praia. Eva ve cumprido o seu desexo para o día en que fai trinta e tres anos, e ten a impresión de que a escolla é acertada. César corre pola area con Hércules. Aos outros ocupantes do areal non parece que lles moleste a presenza do can: a vinte metros toma o sol unha parella algo máis nova que eles, e un pouco máis alá un home de pelo cano báñase só. Eva está tombada cabeza abaixo sobre a toalla e sente nas costas os beliscos do sol, que aínda non perdeu a súa capacidade de queantar. Séntese satisfeita por esa soidade. Nota na gorxa que lle entran ganas de chorar, pero esfórzase en conter as lágrimas. “Por que non vai ser hoxe un bo día?” pregúntase, e corre a darse un baño.

A praia baléirase cando o sol comeza a achegarse á liña do horizonte. Primeiro marcha a parella, logo o home solitario. César xoga na beira a lanzarlle un pau a Hércules para que llo devolva. Eva xace sobre a toalla cos ollos pechados. Pensa no día en que fará corenta e catro anos. Vai ser tan pronto. Vese máis vella que a súa nai, aínda que iso sexa imposible. Está segura de que para entón terá unha filla, quizais un neno, pero César non será o pai. César non estará, nin Hércules, nin aquel traballo espantoso. Cre que aquel será o seu último aniversario capicua, porque algunha enfermidade perversa faraa morrer sen alcanzar os cincuenta e cinco. Inventa o seu futuro sen ningún fundamento, sen ter sequera a forza de vontade de facelo cumprir, pero co convencemento total de que as cousas sucederanse tal como ela as esboza esa tarde na que nunha cala apartada declina o día en que fai trinta e tres anos.

Hércules interrompe os seus pensamentos ao achegarse a ela ladrando e coa forza do impulso salpicala de auga e area. Incorporárase e

## *O día que Eva fai trinta e tres anos*

busca a César coa mirada. Veo nadar lonxe da beira, no que lle parece unha nova demostración arrogante da súa suficiencia física. Eva nada moi ben, tan ben como el, pensa, pero non necesita facelo constar cada vez que van á praia. César diríxese mar adentro e está cada vez máis lonxe da área. Eva érguese e achégase á beira. Veo desprazarse na auga con precisión, movendo con elegancia os brazos e a cabeza e sen apenas levantar auga ao seu paso. Cada vez máis pequeno. Berra o seu nome. Unha, dúas, tres veces. Parécelle que César se xira e lle fai un aceno coa man, pero a distancia é xa tal que non pode estar segura do que ve. O sol está nese momento a piques de tocar o mar, e César non é máis que un diminuto punto negro que mingua, difícil de aprezar naquel mosaico cambiante que compoñen os reflexos sobre a auga. Avanza cara ao mar, cara ao sol, cara a ningures. Eva forza a vista pero xa non o albisca, ese punto desapareceu engulido por un vaivén de brillos e cores en movemento. Berra o seu nome por última vez. Hércules ladra ao seu lado.

Mentres o sol culmina o seu descenso ata perderse máis aló do horizonte, Eva permanece de pé coas dedas molladas pola escuma e coa vista chantada nesa liña franca na que remata o mar e o mundo. Alí non hai nada, César non está. Eva sente o impulso da desesperación, unha debilidade interior que a empurra a botarse ao chan, rebozarse na area e mergullarse ansiosamente no mar tratando de chegar a el, estea onde estea. Pero está completamente soa, e no fondo sabe que esa comedia non a axudará a atopalo. Contén con facilidade as lágrimas. O máis sensato sería barallar que se trate dunha broma, un espellismo, un mal soño, un accidente. Pero Eva teno claro: César marchou, abandonouna, e pouco pode facer ela se aquela é a súa vontade. Non vale a pena morder os cotenos nin tirarse polos pelos. Está segura de que non o volverá ver nunca, é hora de marchar. Dá media volta e recolle as súas cousas. A toalla de César e a súa muda déixaas sobre a area. “Por se regresa”, pensa. Chama a Hércules, que segue ladrando cara a algún lugar do mar, e á hora na que as sombras comezan a gañarlle a partida ás luces toman o carreiro que deixa a praia.

A cabeza de Eva é un torrente de pensamentos entrecruzados. Deixa que a guien os seus pés e un vacilante Hércules que cada poucos pasos xira a cabeza para ladrarlle algo ao mar. O carreiro adéntrase entre as árbores e dá no claro no que aparcaron o coche. Desconcertada observa que alí xa non está, nin o deles nin ningún. É posible que se equivocasen de camiño? Hai un só carreiro e aínda que ela non lle prestara moita atención, non hai dúbida de que é o mesmo polo que descenderon ata a praia. Tampouco dubida que aquel é o punto no que deixaron o automóbil. Cómo é posible que desaparecese? Eva mira en todas as direccións por entre os piñeiros e eucaliptos, pero alí non hai nada. Nada. Detrás deixa o ruído das ondas encontrándose coa costa, e diante ábrese aquel camiño de terra cheo de



socavóns polo que chegaron ata alí. O desconcerto pode co seu ánimo de permanecer serena. Rompe a chorar. Durante un bo anaco salouca co lombo apoiado contra o tronco dun piñeiro, abandonada á sensación de que naquel punto indefinido dun lugar estraño e alleo remata a súa existencia.

Tarda en tranquilizarse, e transformou esa angustia en determinación para saír de alí. Non é capaz de atopar unha explicación para o que lle pasa, así que renuncia a buscala. Só pensa en chegar a casa. Debera facer unha chamada, pedirlle axuda a alguén, pero non ten con ela o móbil. Acórdase do de César e decide baixar de novo á praia. Faino con algún esforzo, porque as últimas luces do día non son xa máis que unha manta azulada cada vez máis escura. Percorre todo o areal dúas veces aguzando a vista, pero non atopa a toalla e a mochila de César entre as sombras da área. Hércules venta dun lado para outro sen resultado. Trata de consolarse: “Non me ía servir de nada, o máis probable é que aquí non haxa cobertura”, e toma de novo o carreiro que a leva fóra da praia, guiada pola luz de media lúa. Pasa polo claro no que aparcaran e sen dubidalo enfilou cara ao camiño de terra que se adentra entre as árbores. A confusión mesta de eucaliptos e piñeiros engazados rúballe a escasa luz do luar. Cada vez ve menos. Situada no centro do camiño avanza cunha man sobre o lombo de Hércules. Ocupa o seu pensamento cun mantra que repite unha e outra vez: “hei saír de aquí, hei saír de aquí”.

Non ten certeza do tempo que leva andando nin de a onde a conducen os seus pés. Camiña en pasos cortos por medo a tropezar, e en varias ocasións perde a estabilidade nos buracos do camiño. Ten a impresión de que leva tanto tempo andando que xa debera alcanzar aquelas últimas casas que pasaron en coche ao dirixirse á praia. Á medianoite na que remata o día en que Eva fai trinta e tres anos, a súa determinación muda nunha fonda apatía. Seguirá camiñando, cun pouco de fortuna sairá de alí, pero para qué? Abandónase á súa sorte esquiva. O que teña que ocorrer, ocorrerá. De súpeto Hércules detense e co corpo teso ladra cara a nada que ten diante. “Hai alguén aí?”. Eva non pode ver nin escoitar nada que non sexa o rumor das pólas no alto, pero o can segue ladrando con fereza, ata que se bota a correr (“Para Hércules, vén aquí!”) e se perde na escuridade. Eva escoita durante uns segundos o ruído da súa carreira sobre a follaxe, para logo desaparecer completamente. Agora está soa, rodeada polas sombras de sombras, pero ela mesma é xa unha sombra dunha sombra, resignada a seguir o único camiño posible.

Continúa andando. Procura manterse no centro do camiño. Cando as súas pernas rozan os toxos ou coas mans toca a corteza dun piñeiro correixe a traxectoria para volver situarse na liña correcta. Xa non pensa en saír de alí, só en avanzar. Nada cambia ao seu redor, a escuridade é seguida de máis

## *O día que Eva fai trinta e tres anos*

escuridade, como se se movese en círculos. Camiña sen rumbo durante boa parte da noite, un tempo elástico que na súa mente faise eterno.

Na madrugada do día seguinte a aquel no que fixo trinta e tres anos, Eva ve unha luz entre as árbores. Lonxe de excitarse, segue camiñando co ritmo dubitativo e cansino que lle permiten as súas forzas. Non berra para facerse oír. A luz vese cada vez mellor. É un punto de luz branca que se agranda. Marca o final do seu camiño, pensa. “Xa está aí, vou chegar”. Non sabe o que é, cara a onde se dirixe. A lanterna de alguén que a busca. Ou unha faro-la de alumeado público. Ou o faro dunha moto. Ou o faro dun coche cun só faro. Ou a ventá dunha casa aínda lonxe. Ou o refrexo enganoso da lúa. Ou.

Moisés Álvarez Jorge



**Carmen Cuevas Crespo**

Nací en Santander el 21 de diciembre de 1971, estudié ciencias físicas en la Universidad de Cantabria y hasta la fecha desempeño un trabajo no relacionado con las letras. Sin embargo, la escritura es mi gran pasión, por eso he participado durante dos años en el Taller de Escritura de Madrid (2.005-2.007). Los premios obtenidos hasta el momento actual son los siguientes:

- 2.004 - Segundo premio en el concurso de relatos del programa de radio "Gente Viajera" de Onda Cero.
- 2.008 - Accesit en el XIII Certamen literario Manuel Oreste Rodríguez López (Ayuntamiento de Paradela).

## *Lema: Mauro Mettler*

Carmen Cuevas Crespo

---

No recuerdo cual era el aspecto de la peluquera, aunque en aquella época la observé con detenimiento muchas veces. Su figura se me antojaba asociada a una morbosidad que por aquel entonces sólo intuía, pues no era más que una niña de ocho años, y las conversaciones que las vecinas mantenían en torno a ella me fascinaban. Por lo general me gustaba escuchar las conversaciones que mi abuela tenía con las vecinas, pero aquel verano cuando oía que empezaban a hablar de la peluquera, dejaba cualquier cosa que estuviera haciendo y me ponía a escuchar.

Una vez llegué incluso a llamar a la puerta de la vecina de al lado porque había visto entrar a mi abuela y a la madre de Juan Pedro, y estaba segura que hablarían de la peluquera. Pilarín abrió la puerta con el delantal puesto y la cabeza llena de rulos. Sorprendida de verme me espetó con aire indiferente,

-No ha llamado tu madre.

Lo dijo porque ella era una de las pocas que tenía teléfono y mi madre no pasaba los veranos con nosotros. Pero yo lo tenía todo pensado y le contesté con soltura, vengo a ver a Luis, sin embargo, a medida que iba hablando comencé a pensar que quizá no estuviera en casa y tenía que discurrir otra disculpa rápido para poder colarme, porque de la que iba a por el pan había visto a la peluquera limpiarse las lágrimas mientras paseaba a la niña, y la mente se me puso en blanco de los nervios y la cara roja por la mentira que iba a decir. Entonces vi que Pilarín asentía mientras me decía que pasara y me puse roja de verdad pensando que le había dicho que venía a ver a Luis, pero sobre todo pensando que mi abuela estaba allí y que nada más volver a la cocina Pilarín le iría con el cuento de que había ido a ver a su nieto. Luego mi abuela lo diría en casa y mi primo iba a enterarse de que había ido a buscar a Luis.

Y es que mi primo y Juan Pedro siempre estaban metiéndose con él, y a mí tampoco me caía bien. Bajaba a la calle con el cubo de colores que hay que dar mil vueltas para colocar en su sitio y se ponía a montarlo como sin mirar, sin darse importancia, hasta que Juan Pedro le daba un balonazo en la cabeza, entonces se iba llorando de la rabia llamándole

Juan Perro. Y ahí estaba, nada más me vio entrar en su habitación sacó el dichoso cubito, ¿sabes montarlo?, yo lo hago en menos de un minuto, mira cronométrame. Y yo, concentrada en lo que se decía en la cocina, dejé que me pusiera el reloj en la mano.

-El reloj me lo ha traído mi padre. Es digital. Tiene cronómetro, luz y da la hora en cincuenta países distintos, trae.

Y me cambió el cubo por el reloj. Si hubiera estado Juan Pedro le habría dado un golpe con el cubo en la cabeza. Yo aproveché que se afanaba con el reloj para ir a escuchar lo que decían las tres mujeres. Caminé despacio por el pasillo y me escondí en un rincón del cuarto de estar, muy cerca de la puerta de la cocina. Frente a mí había una foto de la madre de Luis el día que se casó. Después de la boda se había ido a vivir a Bilbao con su marido y a Pilarín no le gustó nada de todo eso, ni el yerno, ni la boda, ni la ciudad, ni la casa, ni siquiera su nieto, que era igual que su padre, eso me lo había dicho mi abuela. Y mi primo se lo había dicho a Juan Pedro y éste a Luis un día que Luis le gritó que no se parecía nada a su padre, y él por lo menos sí que se parecía al suyo.

Yo me miré en el reflejo del cristal del aparador para ver si me parecía a mi padre, nadie me hablaba de mis parecidos y no me veía parecida a nadie. Ví pasar a Luis por delante y me acurruqué al costado del aparador. En la cocina todavía no hablaban de la peluquera, pero yo sabía que tarde o temprano sacarían el tema; si hubiera sido un poco más mayor podría haberles dicho que la había visto llorar por la calle y ellas habrían asentido satisfechas, porque la madre de Juan Pedro vive en el quinto D, por la otra parte que da al portal y ve quien entra y quien sale, y tiene insomnio, así que por la noche le había visto salir a él casi a las doce de la noche. Y a las tres se fue a la cama y todavía no había vuelto.

-Hay que ver qué mala suerte ha tenido esta chica –aún era una mujer joven y tenía un tono de voz que invitaba a la confidencia, más aún en una pequeña cocina oscura que olía a repollo cocido.

Las otras dos mujeres asentían comprensivas mientras yo me iba estirando un poco más hacia la puerta.

-¿Qué le pasaría con el novio que tenía? –mi abuela se sentó en una banqueta y comenzó a sacarle brillo al pomo de la puerta con el delantal.

-Ella ya sabía lo que hacía cuando se lió con éste –Pilarín contestó mientras revolvió en los fogones, y lo hizo en ese tono firme y dictatorial con el que solía hablar y que a mí tanto me fascinaba.

-Hay que ver, teniendo un novio bueno y trabajador, ir a liarse con este tarambana -mi abuela seguía con la puerta y con el primer novio, para ella sólo el primero merecía algún respeto. Había cosas que por mucho que se explicaran no se podían entender.

-Tengo entendido que todavía estaba con el otro cuando éste la dejó en estado.

La madre de Juan Pedro se había sentado al lado de la ventana y dijo esto como quien no quiere la cosa, luego se quedó absorta en algo que veía en el patio. Mi abuela contemplaba con satisfacción el pomo de la puerta.

-De todas maneras ahí había algo raro, porque llevaban ya como seis años de novios y me dirás tú a mí que si hubieran querido casarse no hubieran podido.

Pilarín revisaba los fogones mientras controlaba con el reloj de la pared el tiempo de los rulos.

-Pues sí, porque ella ya tiene por lo menos veintisiete años, que es del tiempo de mi hija, y no son años para andar deshojando la margarita.

-¿Cuántos años lleva casada tu hija? –la madre de Juan Pedro hizo la pregunta sin volver la vista de la ventana, como algo dicho sin importancia.

Pero para Pilarín, sin embargo, la pregunta sí que debía de tenerla, porque se volvió de los fogones de repente, y yo, que la observaba desde la oscuridad del cuarto de estar, me sobrecogí al notar el repentino silencio.

-¿Por qué te acuerdas ahora de mi hija? –le dijo al fin.

La madre de Juan Pedro también debió notar el silencio ya que se volvió despacio de la ventana.

-Porque tú la has nombrado, nada más –contestó pronunciando con cuidado cada una de las palabras.

Después todo volvió a quedar en silencio. Un silencio cada vez más incómodo en el que las dos mujeres se miraban, yo las miraba por el resquicio de la puerta, y mi abuela me hubiera visto de no ser porque ella también las miraba desde la banqueta.

-Siete –dijo al fin Pilarín mientras volvía a los fogones.

El ambiente se distendió un poco con la contestación y yo, que todavía estaba sobrecogida por la manera en la que habían hablado, volví a acurrucarme junto al aparador. Me giré hacia un costado y vi que Luis estaba a mi lado de pie, mirándome, pero no dijo nada porque estaba asustado. Los dos oímos a mi abuela que retomaba la conversación, había dejado de un lado el pomo de la puerta.

-También hay que pensar que la culpa no la tiene sólo él, que ella no iba engañada. Además que es mucho más joven que ella –hablaba como otras veces aunque en este momento no encontraba buen recibimiento en las otras dos mujeres, pero no se dio por vencida-. Y no os acordáis que tuvo otro novio antes, que de la noche a la mañana también lo dejaron, era un chaval muy bueno y muy formal también.

-Pues está visto que a ésta le va otra cosa –el tono de Pilarín cada vez me daba más miedo.

-Ya ves ahora, en el pecado lleva la penitencia -la madre de Juan Pedro volvía a la conversación mirando sin ver al otro lado de la ventana. Y os digo una cosa, ¿vosotras creéis que a estas alturas se va a quedar embarazada sin quererlo?

Yo miré a Luis con los ojos tan abiertos que no eran para ver sino para escuchar también, y noté que él también escuchaba con todos los sentidos que era capaz. Sin ser muy conscientes de ello nos acercamos a

la puerta de la cocina, casi podía sentir el aliento de mi abuela cuando empezó a hablar.

-¡Ay, no mujer! Lo entendería si hubiera sido con el novio que tenía, que ya llevaban por lo menos...

-Se habrá quedado embarazada como otras muchas –Pilarín cortó a mi abuela porque no la estaba escuchando, al contrario que nosotros.

-Pues yo te digo yo que sí -la madre de Juan Pedro aún miraba por la ventana, pero no parecía tan atenta como antes-, ésta no es tan tonta como ...

-¿Como quién? –dijo Pilarín de pronto.

Entonces la madre de Juan Pedro volvió la cara al frente y habló muy despacio.

-Como para quedarse embarazada sin quererlo.

La cocina volvió a quedarse en silencio. Miré a Luis y vi que había empezado a llorar. Me dio pena todas las veces que Juan Pedro le había dado con el balón en la cabeza. Yo también empecé a llorar, y lo hice casi al mismo tiempo que mi abuela volvía a hablar otra vez.

-Esta siempre ha sido muy ligera de cascos, que es del tiempo de mi Loli y hay que ver qué minifaldas y qué escotes ha llevado siempre. Yo con las mías, nunca he tenido problemas con ellas. Pero claro, ella se quedó sin madre de pequeña, y en esa casa no había nadie que la controlara.

A veces me daba la sensación que mi abuela disfrutaba con aquello, yo hubiera tratado de hablar de otra cosa para quitar el nudo de la garganta. Pero la realidad era que ninguna de aquellas mujeres quería hablar de otra cosa, porque la madre de Juan Pedro siguió también con aquella peligrosa conversación.

-Desde luego si hubiera sido hija mía...



-Si hubiera sido hija tuya qué –volvió a hablar Pilarín, cada vez lo hacía en un tono más agresivo-, porque antes que ésta, otras han tenido madre, y no les ha valido de mucho.

Entonces la madre de Juan Pedro se levantó de la silla y se puso frente a Pilarín.

-Si quieres decir algo, dilo, pero no vuelvas a decir eso de que tu nieto fue prematuro porque nadie se lo creyó nunca.

Y Pilarín contestó.

-Claro que lo voy a decir, porque mi hija se casó con el padre de su hijo, nunca se le hubiera ocurrido endiñarle a un hombre el hijo de otro.

-Tienes que saber que Juan lo sabía todo cuando me casé con él, y la situación es muy diferente, que mi hijo es de mi novio de siempre, aunque me dejara, y Juan quiso casarse conmigo sabiéndolo todo. Que siempre ha tratado a Juan Pedro como si fuera su padre y le quiere tanto o más que si fuera hijo suyo, y además todavía sigue enamorado de mí, no como tu hija que está a punto de separarse.

Y otra vez el silencio, que cada vez nos oprimía más la garganta, a mí y a Luis, que no paraba de llorar.

-Que por eso está aquí tu nieto ¿o no?, que por eso estás de un humor de perros, porque dentro de poco va a venir tu hija también y se va a enterar todo el barrio, pues no te preocupes porque ya lo saben, –luego miró a mi abuela- y tú no hables tanto de tu hija Loli que no os habláis desde que el año pasado volviste de su casa.

Pilarín dio un golpe sobre los fogones y salió de la cocina. Nada más salir se dio de bruces con Luis que estaba llorando al lado del aparador, le dijo, tú qué haces aquí, idiota, y le dio una bofetada, mi abuela iba detrás y me dio otra a mí, serás tonta, tú por qué lloras, me cogió la mano me puso en pie de un tirón y me sacó de allí. Yo fui a casa llorando y Luis fue llorando a su cuarto.

-Como te dejes el fogón encendido va a explotar la casa –chilló la madre de Juan Pedro antes de irse dando un portazo.

Yo no volví a entrar en aquella casa, ni siquiera para hablar con mi madre por teléfono, me entraba una congoja que me ponía a llorar y no podía parar, y desde ese día bajábamos a la cabina de la otra calle. Eso ponía a mi abuela de muy mal humor, sobre todo cuando teníamos que hacer cola para hablar por teléfono, que era casi siempre. No fue hasta llegar a casa que me di cuenta que llevaba el cubo de colores en la mano, pero no se lo devolví a Luis, y él nunca me lo pidió. Cuando Juan Pedro se metía con él me daba la vuelta, porque Luis me daba pena, pero no me atrevía a decírselo a Juan Pedro. Seguía mirando a la peluquera cuando bajaba a pasear la niña a la calle, pero nunca más volví a verla llorar.

Carmen Cuevas Crespo



**Xulio Romero Suárez**

Xulio Romero Suárez naceu en Camelle (Camiariñas) o 27 de decembro de 1965. Residiu na Coruña desde o sete anos. Alí estudou BUP e COU no colexio Fogar de Santa Margarida. Logo cursou estudos de Dereito na UNED, que non chegou a concluír. Actualmente reside en Arteixo e traballa na Coruña nunha entidade bancaria. Entre os premios acadados figura un accesit no X certame literario MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, no apartado de narrativa, coa obra *Contos da Costa da Morte* para nenos, mozos e vellos.

# e o fusco

Xulio Romero Suárez

---

## PAGA A PENA UNHA ILUSION

Pensaba Mamadou Diop que chegara o seu gran día. As multitudes congregábanse a ámbolos dous lados da rúa ocupando as aceiras. Os rapaces eran os que máis coreaban o seu imaxinario nome: ¡Baltasar, Baltasar!,...

Aquela comitiva partira unha hora antes desde o barrio de Adormideras. A maxia respirábase no ambiente. Os asistentes contaxiábanse da ilusión dos cativos. Entre os maiores intercambiábanse olladas cómplices. As luces do Nadal iluminaban as rúas da cidade, ategadas de xente de tódalas idades. Cada un procurábase a súa propia parcela, permanecendo inmóbil e agardando o paso da comitiva.

Os rapaces, ansiosos, esperaban ao lombo dos pais preguntándolles insistentemente canto faltaba. Magoa que orballara, pero ata aquela chuvia miudiña semellaba estar contaxiada daquela maxia.

A policía local empezaba a impedir o paso do tráfico polas rúas adxacentes. Os máis impacientes consultábanlles cando estaba previsto o paso da cabalgata dos Reis Meigos.

Mamadou Diop, o rei Baltasar, preguntábase no medio das aclamacións da multitude por qué el espertaba tanta simpatía entre os nenos, quizás máis que Gaspar e Melchor, os das barbas brancas e louras. ¿Se cadra por ser negro?. Noutras ocasións a súa cor provocara o efecto contrario, pero aquela tarde noite era máxica. Aquel era o seu momento.

As tres carrozas eran o centro de todas as olladas. Logo os paxes, os cabaleiros, o exército da época,... sen menosprezar á banda municipal e aos gaiteiros do país.

Mamadou Diop, o rei negro, era un daqueles tres personaxes que congregaba tanta parafernalia. Baltasar sempre ocupaba o derradeiro posto no desfile, porén era o máis querido polos rapaces.

A chuvia miudiña era acompañada por unha chuvia de caramelos, que constituían o entrante do prato principal que chegaría durante o sono, na noite dos xustos premios para os rapaces de bo comportamento, e porque non tamén dicilo, o remate dunha substanciosa morea de beneficios para os comerciantes, sempre queixándose dos efectos da crise económica.

Para Mamadou Diop o seu reino naqueles precisos intres era a cidade da Coruña. O itinerario real partía do Barrio de Adormideras, continuaba pola rúa da Torre ata a praza de España, baixando ata a rúa do Orzán cruzando Panaderas. Logo seguía por San Andrés, Rúa Nova, Os Cantóns e A Marina rematando na praza de María Pita. Tan importantes personaxes serían recibidos e presentados nas balconadas do Concello ante a atenta ollada dunha multitude que os aclamaría apaixonadamente. Persoeiros da vida pública da capital serían eclipsadas aquela noite por aqueles tres Meigos. Pero antes, a marcha transcorría lentamente. As súas maxestades saudaban aos congregados incesantemente. A pesar do orballo, os paraugas pechábanse e retirábanse no intre da aparición da procesión para obter unha mellor panorámica. Os aplausos, vivas, saídos e berros de ledicia non cesaban.

Sen embargo, que tan breve era aquel reinado. Tan só unha tarde coa súa noite. Mamadou Diop desexaba gozar cada momento daquela experiencia.

A televisión local retransmitía en directo sen faltar os comentarios dos expertos, que engadíán verosimilitude. A televisión autonómica rodaba os instantes máis intensos para os reportaxes do día seguinte.

Baltasar non dubidaba que ao día seguinte saíría nas portadas dos xornais xunto cos seus compañeiros de reparto cos seguintes titulares. “As súas maxestades, os Reis Meigos de Oriente na cidade da Coruña”. Pero Baltasar non procedía do imaxinario Oriente, se non do Sur, da África subsahariana. Sen embargo tamén acadara o norte seguindo unha estrela, a estrela dun soño, dunha ilusión. Aquel sur impregnaba o seu ser e aparecía a cotío no seu maxín.

Baltasar lembrábase dos seus dez irmáns. A súa irmanciña máis cativa, Zenzelé, xogaba sempre cunha boneca que non era máis ca unha espiga de millo adobiada; e o máis pequerrecho dos seus irmáns, Abú, facía caiucos coas mazarocas para xogar na lagoa do poboado. Uns seguían no seu país de orixe mentres que outros se lanzaran á aventura na procura dun futuro mellor en países coma Bélxica, Francia e Italia. Con todos eles mantiña unha constante comunicación ademais de coa súa nai, Mbele, aquela muller que traballaba no millo decote con algún dos seus fillos ás costas. Nun intre tamén se acordou do seu mellor amigo, Amadou Joseph, a quen coñecera no caiuco. Amadou, que vendía CDs pirateados na rúa Real, fora

detido na véspera de noiteboa nunha redada da policía nacional a carón do teatro Rosalía. Logo foi chimpado boca abaixo contra as frías e húmidas lousas da rúa para ser esposado ante a atenta ollada dos paseantes; e agora agarda a súa expulsión de España por non ter regularizado a súa situación.

Recordaba “Baltasar” o seu aprendizaxe na misión francesa dos Padres Brancos, a onde acudía a diario co seu irmán Abundo, que morrera de sida antes da súa partida. Sentía morriña da sabana, escenario das súas andainas coas cabras do seu pai. Sen embargo eran moitos os inconvenientes para quedarse: as disensións interétnicas, a pobreza da longa seca, a fame provocada polas malas colleitas, as enfermidades coma o sida,... Na súa aldea corrían as novas daqueles que lograran facerse cunha vida estable en Europa e o desexo de probar fortuna facía ferve-lo sangue.

Agora, convertido en Rei Meigo, actuaba coma Fomutango, aquel xenio benfeitor que a modo de rei meigo tamén obsequiaba aos nenos da súa aldea con regalos relacionados coas colleitas segundo as historias que contaban os seus maiores. Quen ía maxinar que o soño de arribar a España na procura dunha vida mellor lle carrexaría tantas dificultades: a angustiada viaxe pola sabana e polo deserto en mans de aventureiros de dubidosa credibilidade, as dificultades para atravesar as fronteiras, a triste navegación en caiuco ata as costas españolas, a fame, o frío, a incerteza do destino final. Despois de todo aquilo, alí estaba. Era o Rei Baltasar, na mesma cidade na que vivía coma un proscrito tratando de vender a mercadoría que os mafiosos lle proporcionaban mentres tentaba regularizar a súa situación. Agora, a policía local, a mesma da que andaban fuxido cando traballaba, eran quen lle abría o paso para que o aclamasen. Sentía ganas de expresarlle a súa gratitude a Antonio, o encargado de mantemento do concello, quen lle alugara un apartamento nas aforas da cidade onde vivía con varios compatriotas e con que contraera unha boa amizade. Gracias á recomendación de Antonio era Rei, o rei negro.

Baltasar era o máis entusiasta do séquito e a súa ollada, a máis expresiva. Saudaba con entusiasmo levantando as mans cara o público, aquelas mans que tanto traballaran coa eixada e a picaraña. Regalaba sorrisos e olladas a cada un dos presentes, especialmente aos pequenos, que desbordaban de ilusión. Logo, os maiores contaxiábanse dos cativos e ao remate todos eran nenos. Mesmo o que el estaba a vivir era unha ilusión, breve coma o seu reinado.

Ao seu paso por Panaderas detívose un intre a procesión das carrozas. A rúa estreitábase e a xente obstaculizaba a marcha. De entre a multitude, Baltasar escoitaba os berros dun neniño en particular. Situado no lombo do seu pai aquel rapaz non cansaba de clamar polo rei negro: - ¡Baltasar, Baltasar, acórdate de min!.

O rei centrouse naquel cativo e preguntoulle: -¿Cómo te chamas?

-Pablito- contestou o neno, con timidez como si non esperara que aquela personaxe tan importante lle fixera caso.

-¿Portácheste ben?

-Coido que si

-¿Qué me vas a pedir para esta noite?

-Un action man mergullador, un barco pirata del capitán Garfio, un fórmula un coma o de Fernando Alonso, un roboraptor, un space warrior,... e na casa dos avós,...

-Escóitame ben Pablito- contestáballe Baltasar. -O mellor que tes agora é a ilusión. Non a perdas nunca anque che falten as cousas. Ese é o teu mellor regalo. Visitareiche esta noite mentres dormes.

A policía local abría paso e a comitiva das súas maxestades proseguía a súa andaina.

O rei negro ía pensando: -non perdas a ilusión, o espírito de loita e a fe-

Ao día seguinte dirixírase ao locutorio de Sta. Catalina para contactar cos seus e contarlles que fora Naburo (rei) por un día.

### O TITIRITEIRO

-¿Unha moediña por aí?-, preguntaba o monicrequeiro da rúa a un peón que pasaba ao seu carón. O camiñante continuaba coa súa andaina sen darse por aludido.

Alí estaba cada día, cada atardecer, cunha mochila gastada portando un saco de durmir, coa súa chupa de coiro raída, un pantalón bombacho de algodón de múltiples cores e a súas botas militares. Unha cinta escura rodeáballe as longas guedellas de cor castaño. Un enorme aro pendía da súa orella esquerda. Está sucio, escualido, botándosele de menos algúns dentes. A súa cara está sucada de engurras e a pel tostada de durmir á

intemperie. Con el, sempre a compañía do seu inseparable compañeiro, o canciño Simbad. Aquel dúo era alcumado polos veciños da Rúa dos Olmos o “corpo diplomático”.

Era véspera do Nadal. O intenso frío de aquel mes de decembro viña amortecido pola calor das luces do Nadal e o balbordo intenso das céntricas rúas da cidade. Un coro de mormóns cantaba panxoliñas na rúa Real mentres os vendedores de castañas ofrecían a súa mercancía. Bombillíñas de diversas cores recordaban que era Nadal en San Andrés, a rúa Nova, Os Olmos, Galera, a Marina,...

-¿Unha moediña por aí?-, preguntaba de novo a un grupo de paseantes o monicrequeiro deixando de facer malabarismos coas tres pelotas de coiro.

Un cazo de aceiro, situado na beirarrúa, cuns céntimos de euro no seu interior, esperaba a caída dalgunha que outra insignificante moediña.

O malabarista das longas guedellas agradecía a máis ínfima achega dos transeúntes, verbalmente ou cunha lixeira inclinación de cabeza.

Os comercios da área comercial do Obelisco estaban a rebordar. Multitude de clientes entraban e saían ategados de bolsas de compra. Era o momento de facer felices aos demais procurándoselles agasallos. Unha cola de xente agardaba nos caixeiros automáticos da rúa Nova. Papá Noel, Santa Klaus ou San Nicolás estaban presentes por todas partes. Os cativos preguntábanse por aquela omnipresencia. ¿Cómo era posible que unha mesma persoa estivera en tantos lugares ao mesmo tempo?. A resposta estaba na maxia, na maxia daquel bochudo barrigón do norte e na maxia do Nadal.

Mentres o monicrequeiro facía malabarismos coas pelotas de coiro, o canciño Simbad abría a boca exhalando fume polo fociño, producido polo resío, e levantando a dúas patas dianteiras movía a cola a un e outro lado. Os rapaciños rían ao pasar solicitando dos pais unha moediña para depositar no cazo de aceiro.

Unha longa cola agardaba na administración de lotería da rúa Nova. Xentes de todas as condicións soñaban cun belisco do “gordo” do Nadal: un empregado de banca, o promotor de vivendas de Gainco, a limpadora do Hostal Roma, un socio do club de tenis por encargo dos seus asociados, o propietario do Caffè Vecchio, dous senegaleses, a empregada da perruquería “Madrid”, unha moza peruana que terma dunha cadeira de rodas cunha velliña eivada... Un belisco do “gordo” do premio do Nadal. A



alguén tería que tocarlle, aunque tan só fose un belisco. Polo de pronto, vivíase de ilusión, que tampouco está mal.

-¿Unha moediña por aí?-, pregunta o monicrequeiro a unha dona moi “Lacoruñesa”, moi enxiada, cun bastón e abrigo de astracán e os ollos pintados coma unha princesa exipcia.

A dona, cun xesto impasible e sen mirarlle á cara ao monicrequeiro, detense a carón del, rebelisca durante longo tempo no seu bolso na procura daqueles céntimos dos que nunca se da desfeito, daquelas moedas que clamaban saír daquel claustrofóbico bolso e respirar aire fresco. O monicrequeiro tamén espera un belisco do “Gordo”, mentres segue a facer xogos malabares coas pelotas de coiro. Simbad semella anima-la intención da vella en favor do seu amo. Das catro moedas que caen no cazo a máis grande é de cinco céntimos. O canciño víralle o cu á vella erguéndose sobre as patas traseiras e movendo a cola como si lle quixera dicir algo, ou tan só sexa unha reacción ao abrigo de astracán. A vella segue a súa andaina entre a multitude ata perderse entre as luces da rúa dos Olmos. Tres abrigos máis de pel e tres pares de ollos maquillados espéran en Bonilla a la Vista para tomar o chocolate con churros.

A policía local cubre partes de infraccións para colocar nos limpa parabrisas dos coches estacionados en zona prohibida na rúa Nova, Un belisco do “Gordo” axudaría a restarlle importancia.

Eduardo, o ex boxeador que vive na rúa, mantén un monólogo ou quen sabe, un diálogo cos seus fantasmas, sostendo o brick de viño barato cunha man mentres fai xestos coa outra como si dun discurso de noiteboa televisado á nación se tratara. Os transeúntes pasan con presa ao seu carón semellando non decatarse da súa presenza.

-¡Hola!, ¿qué tal?, non te vía-, exclama unha viandante cargada de bolsas de compras, faíscas de felicidade, ao atoparse cunha cara coñecida.

-Moi ben, ¿e vós?, ¿qué tal?, ¿ben?.- contesta e máis pregunta ao mesmo tempo a aludida.

-Alégrome,

-Eu tamén,

-¿E qué tal, logo? ¿Canto tempo, non?

-Si, xa fai unha chea de tempo, ¿que tal?, ¿ben?, ¿non?.

-A ver si quedamos un día para un café.

-Si, temos que quedar e de paso comentamos o de Antonio-, suxi-re con presa unha das interlocutoras

-Moi ben, xa nos veremos. Saúdos a todos.

Cun desexo de pasar unha felices festas despídense con presa finalmente as dúas coñecidas, ou amigas, ou veciñas ou non se sabe que, sen concretar cando, cómo nin onde será o encontro para o suposto café. Quizás nunca chegue a concretarse.

-¿Unha moediña por aí?-, pregunta o monicrequeiro da rúa dos Olmos acompañado do seu canciño Simbad a uns viandantes que discretamente pasean pola rúa acompañados de cativos. Sabe que cando van con nenos é máis doado recibir algunha moeda. De cando en vez óese o tintineo dunha moeda de un euro ou de cincuenta céntimos. O monicrequeiro aproveitará a mellor ocasión para retirala do cazo.

Un vendedor de lotería da ONCE pasa a carón de Simbad tentando a rúa cun bastón ao berro de: "para mañá", "para mañá", "a sorte para mañá". Simbad ladra cara o cego e corre temoroso cara o seu amo.

Na cara do monicrequeiro adivíñase un xesto de inocencia e naturalidade.

Tan só pregunta si temos unha moediña por aí. Non hai máis que buscar un pouco polas faldriqueiras e alixeiralas un pouco. Ao fin e ao cabo, fáísenos un favor alixeirando os petos das incómodas moedas da "moeda única". Un roubo, afirma moita xente referíndose ao euro, un roubo que nos souberon vender ben. Co euro, axiña se nos van os cartos, sen embargo, nunca nos damos desfeito das ditosas moedas. Un roubo.

Teresa, a gorda que dorme moitas veces nos portais e que aparece estricada nos soportais da Marina cun radio cassette ao lombo e un cigarro na man divírtese ollando pasar aos viandantes cargados de bolsas. Ten peiteado de perruquería, e con mechas. Prepáranas moi ben e gratis unhas mozas dun salón de beleza, eso si, coa condición de que se presente limpa e ben aseada. Teresa sempre está rindo.

Unha moza guapa de longa melena negra, impresionante corpo e xeneroso escote camiña cargada de bolsas de compras pola rúa dos Olmos. O titiriteiro remata cos seus xogos malabares e quédase ollando fixamente ao seu paso con aquela mirada inocente e sinxela permanecendo estático coas pelotas de coiro apreixadas contra o corpo:

-Es moi guapa. ¿podo ir a canda ti?

A moza deixa escapar un sorriso sen contestar mentres continua camiñando.

O titiriteiro xírase para continuar ollándoa:

-¿Coidas que teño algunha posibilidade contigo? ¿podería ser eu o home da túa vida?.

A moza continua camiñando sen volver a olladas cara atrás.

Simbad, sentado coa boca pechada contempla ao seu amo naquela actitude, coa súa ollada inocente e sinxela. O monicrequeiro tamén necesita vivir de ilusión.

Don Mengano, que camiña de ganchete coa señora de Menganez ollando cara o escaparate de Xoia 36 na Rúa Real, tropeza de fronte con don Fulano, que se dirixe coa súa dona, a señora de Fulánez, en dirección contraria mirando de esguello e con indiferencia ao negro vendedor de "bolsos de marca":

-A ver si mira por donde va. ¡Qué barbaridad!, ¡hombre, por favor!.

-Lo mismo le digo yo a usted, mentecato,... maleducado.

O monicrequeiro, que volve á "casa" co seu canciño Simbad interponse na liorta con indiscreción:

-Por favor, señores, respiremos o espírito do Nadal.

### AVENDA CRUZADA

Compre coñecer a necesidade do cliente denantes de venderlle un produto. Mellor dito, compre facerlle ver que ten necesidades sen cubrir. O noso máis prezado ben, a vida, transcorre a cotío abouxada por infinidade de riscos, privacións e atrancos dispostos sempre a impedirle un desenrolo satisfactorio.

Xenaro era un auténtico especialista na venda de produtos do negocio bancario, da chamada venda activa. A súa técnica de vender máis fructífera era a de descubrirille ao cliente cal era a súa auténtica necesidade e logo sensibilizalo a cerca da pouca atención que o comprador en si lle prestara. ¿Cómo non caera eu neso?, matinaba a vítima en cuestión. Non cavi-les tanto que che vai saír fume pola testa, pensaba Xenaro mentres o seu oponente, baleiro de razoamentos e reseso de miolos, acababa aceptando os

argumentos comerciais do asesor financeiro. Xenaro era un mestre no seu oficio. Concertaba unha entrevista co cliente, previamente preparada para non deixar cabos soltos; dispensáballe unha boa benvida, identificáballe as súas necesidades e logo presentaba a oferta. Despois comezaba a guerra psicolóxica. Examinaba minuciosamente as reaccións do cliente releando coa indiferencia, o escepticismo e as obxeccións. Pero ao remate Xenaro impoñía a súa habilidade coas súas explicacións oportunas, eficaces, claras e sinxelas. O comprador, en cuestión, con cara de miñaxoia alongaba a man para termar da pluma que o vendedor lle cedía e asinaba o contrato. Logo, unha aperta de mans, sinal de despedida e peche de contrato. Xenaro esgrimía un sorriso de satisfacción erguéndose da cadeira con aceno de despedirse garantíndolle ao cliente que acababa de facer un bo negocio. Vender non era outra cousa mais que axudar a mercar. O eficiente comercial acariñaba a pluma coas dúas mans. Aquela, agasallo da súa moza, era unha clase de amuleto da sorte. Pero a cousa non remataba alí. Era preciso facer un seguimento do afortunado para axudalo a que se ratificase no seu grao de satisfacción. Era mester seguir a cotío en contacto con el para ofrecerlle a cada pouco outro tipo de produtos relacionado co anterior. A venda cruzada. Tratábase de fidelizalo coa venda de novos produtos partindo dun inductor.

Xenaro era un xove asesor financeiro, un xestor comercial, un habelencioso e adoito expendedor da ampla variedade de produtos do negocio bancario, un excelente colaborador e cumpridor das ordes transmitidas pola plana maior da empresa, cun indiscutible contrato de dedicación exclusiva ao seu traballo, do que el dicía que era o máis importante na súa vida. En resumo, un eficiente colaborador, un empregado prometedor e un futuro directivo dunha empresa en expansión. A todo isto sumábase a completa formación profesional que o avalaba: licenciatura en económicas, masters en dirección de empresas, dirección de equipos de traballo, negocio bancario, seguros e finanzas, técnicas de venda,... ademais de coñecementos de varias linguas con certificados expedidos por universidades estranxeiras e todo isto sen esquecer o dominio da informática. En compensación pola súa labor, recoñecéraselle a consolidación da súa categoría e o seu alto nivel dentro da escala profesional cunha xenerosa nómina repartida en vintecinco pagas.

Ao remate da xornada axeitaba comentar co resto dos compañeiros os éxitos acadados, actitude que continuaría na rúa e na casa. Semellaba estar agardando a que amencese de novo para continuar con aquela dinámica. Era un dos máis firmes candidatos a un ascenso.

Estaba todo controlado, no había lagoas nin baleiros. Estaba todo controlado. Si algo fallaba, era culpa do cliente. Así de sinxelo. No fondo el era un altruísta, posto que a súa función era a de vender produtos que aportaban utilidades. Cons esas utilidades satisfacíanse as necesidades dos clientes e sendo así, maior grao de felicidade. Así de sinxelo.

Que dúbida cabía que ademais de traballador e máis eficiente era un home ao que lle gustaba deleitarse coas pequenas cousas: posuía un pequeno gran deportivo de dúas prazas, unha soa moto de gran cilindrada, un pequeno estudio nun ático dun rañaceos, un pequeno iate nos pantaláns do peirao e un proxecto de chalé na area residencial das aforas da cidade. Todo isto sen contar as inversións en bolsa que cada día seguía a través do seu portátil ou do móbil.

Cada día chegaba á súa oficina cun sorriso morno e compracente saudando a tódolos compañeiros, especialmente ás compañeiras.

-Qué guapa estás hoxe, Laura. ¿Fuches á perruquería?. Beatriz, ¿Qué te fixeches nesos ollos que semellan luceiros?.

Xenaro distinguíase pola súa amabilidade á hora de entaboar unha relación coa clientela:

-Séntense, por favor. Agora lles explico as inmejorables condicións da nosa hipoteca. ¿Cal é a cantidade que desexan solicitar? ¿Teñen nómina fixa domiciliada?,...

En fronte ao comercial situábase unha parella de mozos emprendedores rebordando ilusión pero tamén cautos sabendo que nos próximos trinta anos vivirían atados ao seu compromiso co banco en caso de formalizarse a operación.

Xenaro tiña todo previsto: unha parella asentada cun proxecto común, unhas necesidades que intuía coñecer, capacidade de compromiso, solvencia,... e logo “venta cruzada”, “venta cruzada”. Tratábase de fidelizar ao cliente.

Non necesitaba consultar as condicións do produto para informar. Estaba todo controlado: tipo de interese, comisión de apertura, gastos de

notario, cota mensual a pagar, gastos de taxación,... todo controlado. O comercial desenvolvíase coma un paxaro na súa silveira. A parella escoitaba atentamente as súas explicacións intercambiando de cando en vez olladas cómplices. De súpeto soaba o teléfono:

-Banco do Noroeste, departamento central de Hipotecas, está vostede falando con Xenaro Fernández, dígame.

-Cariño, son eu. Estiven toda a noite maxinando no que falamos a noite pasada e necesito que me contestes a unhas preguntas.

-Perdoa, ceo. Estou cuns clientes no despacho e non podo neste intre. Chámame noutro momento ou xa falaremos.

-Non, é moi importante para min. Ten que ser agora.

-Estouche dicindo que me é imposible, cariño, estou moi ocupado.

-Impórtame menos que un peido de avión que esteas ou non ocupado. Quero que sexa agora mesmo.

-Ceo, por favor, repítoche que non podo agora. Estou realizando unhas xestións cuns clientes que me agardan. Non podo falar diso- contesta Xenaro en voz baixa cubrindo a boca cunha man mentres sostén o teléfono coa outra, sentíndose acosado polas olladas indiscretas dos clientes.

-¿Queres dicir que uns nugalláns que tes no despacho son máis importantes ca min e que o noso amor?

A parella de solicitantes simulan non decatarse da conversa dirixindo as olladas cara o fondo da oficina.

-Contéstame agora ou acabamos para sempre. Quero saber si me queres de verdade ou me queres para divertirte.

-Veña cariño, por favor,... qué discusión máis tola,... vente por aquí a esperarme e saímos a xantar, e de paso falamos... e,... e...

-Dime si ou non. Quero un si ou un non. ¿Ámasme ou non me amas?

-Si, nena, si,... claro que si. Por favor, a onde queres chegar.

-Quéroche oír dicir que me amas. Que son a muller que máis amaches nunca, que me pidas que me case contigo,... necesito sentirme amada, desexada. Quero que me idolatres.

A parella de clientes, dirixen as súas olladas á lámpada e ás pancartas de publicidade ofertando condicións inmejorables nas hipotecas. ¿Escoitaban aquela conversa entre o comercial e a outra persoa?

O comercial súa coma si se atopase no interior dunha sauna mentres afrouxa o nu da garabata. Sorrí cara os clientes con xesto disimulado como si nada estivese acontecendo. Pide desculpas cubrindo coa man o teléfono e de novo volve á conversa coa súa moza.

-Non me fagas esto, cariño, por favor, polo amor de Deus, non me fagas...

-Que amor de Deus, nin que amor de Deus. Fágoo polo noso amor. ¿Ámasme ou non?.

-Cariño, precisamente pensaba facerche un regalo de compromiso para demostrarche que si,... que che quero, muller.

-Sempre igual, Xenaro, sempre igual. Pensas que podes mercar o meu amor. Estou farta de regalos. Non che quero o colar de perlas que me regalaches na voda da túa irmá, nin o anel de cando fomos á cea de empresa cos teus xefes. Tamén podes quedar cos pendentos que me regalaras para convencerme de que te acompañase ao partido de tenis co xefe de zona e a súa esposa. Queda co abrigo de Roberto Verino, o bolso de Tous, o perfume de Carolina Herrera, o estúpido vestido de cores que semella o circo da vella de Agatha Ruiz de la Prada, a sortella da túa avoa e agasallo da túa nai, a pulseira de ouro con que me obsequiaras na primeira noite que pasamos xuntos naquel hotel de París... Búscate a outra pachorra que te acompañe no cruceiro polo Adriático. Ódiote, Ódiote,... e odio as ras de chocolate con merengue así coma os bombóns de mon cheri que me traes en cada cita, odio as rosas de cor violeta que me envías a casa con dedicatoria, ódiote, ódiote a ti, egoísta, indeciso, mentireiro,...

-Cariño, non te poñas así. Non o soporto máis. Que me fas chorar... os clientes están a ollarme.

As bágoas do comercial caen coma en cascada sobre a póliza da hipoteca coma si de un río de augas revoltas se tratase. Os clientes piden desculpas e solicitan permiso para irse sen esperar a resposta. Xenaro chora. Unha compañeira acode no seu auxilio cunha caixa de clines.

Vólvese a escoitar a voz feminina ao teléfono:

-Xenaro, Xenaro... estás chorando. Cariño, por favor. Non chores. Veña, tranquilízate. Perdoa por ser eu tan histérica. Sabes que son así. Cariño, colga o teléfono. Veña, colga o teléfono para que te tranquilices. Acudirei a buscarte e xantaremos xuntiños. ¿Estás ben, cariño?. Quérote moito, meu amor,... aínda non sabes ti canto. Veña, anímate,... xa queda pou-

quiño para as vacacións, recorda ese cruceiro polo Adriático; ti e máis eu soliños. Verás que ben o imos pasar...

-Si, estou mellor. Descoida.- contesta o comercial soando a nariz, asistido por unha compañeira.

Xenaro colga o teléfono despois da despedida e levántase dirixíndose ao cuarto de baño. Regresa ao cabo de media hora e a oficina xa está pechada. Os compañeiros realizan os arqueos e non lle dirixen palabra intentando aparentar naturalidade.

Soa o teléfono do despacho do comercial. Tremando de nervios, descolga o teléfono e contesta:

-Banco do Noroeste, departamento central de Hipotecas, fálalle Xenaro Fernández.

-Hola, Sr. Fernández, son a directora territorial. ¿Cómo lle foron hoxe os obxectivos? ¿Qué conseguiron vender nesa oficina? ¿Cómo foi a venda cruzada?.

A parella de clientes camiña pola aceira de camiño a casa intercambiando impresións:

-Oes Xan. Debe ser fodido conceder unha hipoteca.

-Muller, teñen medo que non lla paguemos, por iso lle dan tantas voltas.

Xulio Romero Suárez







*Manuel Rodríguez López*  
*Filho predilecto de Paradela*

# Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: **“POEMAS POPULARES GALEGOS”** (1968), **“SAUDADE NO BULLEIRO”** (1970), **“SOLDADA MINIMA”** (1979), **“ONTE E HOXE VIVENCIAL”** (1995) e **“A ATLANTIDA”** (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer. En prosa: **“REENCONTRO COA ALDEA”** (1983), **“GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982”** (1983), **“GALEGOS EN CATALUNYA-2”** (1985), **“VIAXES CON ANXEL FOLE”** (1988), **“FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989”** (1989), libro-programa das festas e **“VOLTA A ESPAÑA A PE”** (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan **“HOMAXE O CHE”** (1970), **“A NOSA TERRA”** (de “Libro de Oro”, no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), **“HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO”** (1976), **“GALICIA NO ANO 1979”** (1979), **“JOSE M<sup>a</sup> ACUÑA”** (1983), **“OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE”** (1986), **“VOCES POETICAS”** (1987), **“PARADELA Y SU CONCELLO”** (1990) e **“ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA”** (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como **“Gran Enciclopedia Gallega”** (ver tamén o apéndice I), **“Medio cento de galegos e Rosalía”** (1983), **“88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes”** (1983), **“De Pondal a Novoneyra”** (1984), **“Diccionario de escritores en lingua galega”** (1990), **“Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975”** (libro e vídeo, 1993) **“Diccionario da literatura galega. I. Autores”**

## *Fillo predilecto de Paradela*

(1995), **“Diccionario de Fole”** (1997), **“Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya”** (1999) e **“Vida e obra de Manuel Rodríguez López”** (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Tragos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas **“TI ES ETERNO”** e **“NEOPLASIA”**, respectivamente; o Premio Xosé M<sup>a</sup> Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con **“A EMIGRANTE”** e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra **“NOITE DE NADAL”**.

En prosa, coa peza teatral **“VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”**, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Tragos os seus contos **“A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRAGOS”** (1977) e **“QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO”** (1986) e, en Baracaldo, **“BAIXA VOLUNTARIA”** (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en Coordenadas e Dorna; no Boletín, en Treboada e Alborada do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de Faro de Vigo e de El Ideal Gallego na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de El Progreso de Lugo, La Voz de Galicia e Praza Maior (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e M<sup>a</sup> Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado **“Fillo Predilecto do Concello de Paradela”** e **“Lucense del año 1989”**. En 1990 inaugurouse a Casa de Cultura de Paradela **“Manuel Rodríguez López”** e, no ano 2001, o novo **“Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López”** tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Dende 1995, vense celebrando cada ano o Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, organizado polo Excmo. Concello de Paradela.

## Remordemento

O chegar a Portomarín, no camiño de Sant-Iago, o Xan ademirou os vellos pazos e a eirexa, forte da idade media e moimento nacional. Lástima da ponte romana da que non ficaba en pe máis que a amosa do seu esplendor.

Pero non era o arte nen a historia as razóns daquela excursión e o Suso confesoulle a Xan as verdadeiras intencións de tan longa camiñata.

As aforas, na ribeira esquerda do río vivían dúas irmáns. Il, que as coñecía ben, pederíalles palabra prá tarde.

—Asegúroche que faremos feira.

O Xan estrañoñouse daquela saída do Suso, mais non puxo reparos e cando chegaron á casa da Marta e da Milagros, tras unha rápida presentación e un curto palique, acordaron de se atopar na ponte nova, e os dous amigos voltaron a Portomarín á casa do parente do Suso, que lles preparou a empanada de anguías.

Dende a fiestra da casa do Farruco de Teirente víase a ribeira ricaz en toda cras de viños. A esquerda, a carretera de Sarria e os caneiros onde caían as anguías que gorentaban a gula dos millores gastronomos. A dereita o Camiño de Sant-Iago avantaba entre viñas ricaces, ledo e espranzado pra ganar o Xubileo...

—Despóis dista enchenta cadrará ben un paseo, dixo o Suso. E engadiu:

—E hora de nos ir.

O señor Farruco espetou:

—Xuraría que te agarda a Milagros. Anda que xa te coñezo! E ti, Xan, vas ter moita espera!

—Veñen as dúas irmáns

—Teredes festa, logo!

—Sonlle boas rapazas, afirmou o Suso.

—Sí, daranvos canto lles pidades.

—O caso é pasar o tempo.

—Polo que hai que ver en Portomarín saíache cara a camiñata, ¿verdade?, dixo a muller do Teirente.

—Portomarín, valer vale; pero as postres, podendo aproveitálas, millor, engadiu o Suso.

Houbo risas.

—Xan, dixo o señor Farruco, vaste perder en Galicia.

— Non será tal, señor.

## *Fillo predilecto de Paradela*

—Tí sé atrevido, seguiu o Teirente, que farás feira.

—Dios vos salve a alma, berrou a señora Amparo. Vaia consellos lles das, ho! Suso, non leves por malos atallos ó rapaz.

—Non levo, non. Todo iso sonlle cavilacións da xente. Non fago senón seguir a broma do seu home. ¿Non sí, Farruco?

—Iste Suso, cortou o Xan, elle moi bromeiro. Ha casar coa de Paradela. Estalle toliño por ela.

—Aquela sí que me acai. Pras Doores, ó millor temos boda, engadiu o Suso.

—Anda que vas quedar pra solteirón. Nunca casado te vexo. A moxidade de hoxe estavos corrompida!

—Señora Amparo, non lle morden os cans que máis ladran. Nós agora imos dereitos prá casa. Todo canto lle falamos é por non calar.

—Dios te oia e que outro cho crea, acabou o Teirente.

Cando chegaron ambos e dous á ponte, as dúas irmáns xa andaban no paseo. Polo camiño o Suso aleccionou ó compañeiro:

—Tes que ser botado, ondenón vaise rir de ti. Pola noite acompañáremolas á casa. Eu, que teño máis confianza con elas, amañareime para nos soparar.

O Xan e a Marta sentáronse a carón dun balado. Estiveron de parrafeo e, dunha noutra un bico arroubado estalou nas meixelas da Marta que, por resposta, sinaloulle a cara cunha forte labazada. Voltou a bicala, esta vez cun bico longo zugándolle os labres con afán. A Marta domeada polo apaixonado rapaz, entregouse ó pracer. As súas coxas eran grosas, redondas sensuais e o Xan sentía que unha forza sobrehumán apertábao contra os peitos daquela muller que apuraba o vaso do amor a se fartar.

Estaban a recuncar cando ouviron o Suso e a Milagros. A Marta ergueuse de súpeto cos ollos humedecidos pola paixón. O Xan tremábanlle as pernas. Ben se decatou o Suso do seu nerviosismo.

Acompañáronas á casa e déronse palabra pro día das Doores.

De volta, o Xan ía caviloso. Fixera mal, querendo como quería á Sara. Certo que nada lle prometera, pero quería.

O Suso, dándolle unha palmetada no lombo, díxolle:

—Non teñas medo, ho! A Marta, dende que le fixeron un raspado á matriz, non empreña!

—O Xan riu a cachón coa saída do compañeiro. Pouco maxinaba íl as súas cavilacións e remordementos.

**Manuel Rodríguez López**

Do libro "REENCONTRO COA ALDEA"  
(Edicións Do Castro, 1983)

### XOGADE, POMBIÑOS GARULEIROS

Non cansedes de xogar,  
seguide, destemidos cabaleiros  
enriba da basoira,  
galopando en procura de fantásticas  
victorias e trofeos.  
Xogade ó taborete, a pillar,  
á pita cega, á billarda,  
ós marcos e á estaca,  
a quen máis corra  
e resalve máis sebes.

(Ti que estás no taborete  
¿que comiche?  
-Pan rolete.  
¿Darasme un pouco del?  
-Darei, darei. Sube ti, que eu baixarei.)

Da natureza disfrutade a cheas,  
enchede os peitos de saúde  
e que as vosas meixelas  
semellen o roibén dun sol noviño.  
O mundo é voso. Sodes merecentes  
de tódolos engados  
que enfeitán o universo  
-luz, amor, vida, forza, poesía-  
porque tedes sinxelos sentimentos  
e o voso corazón é nobre.  
Libres de anceios porcallentos,  
ignorades o fraude e a cobiza  
dos maiores, que están a esborrallarse  
e son quen de matar,  
de facer traición ós irmáns  
-afán de mando, guerras, polución-  
porque cóidanse deuses inmortais  
domeadores da materia.

## *Fillo predilecto de Paradela*

Xogade, pombiños garuleiros,  
coas escumas do mar.  
Barullade nos parques das cidades,  
ceibade gargalladas e aturulos  
nas aldeas da nosa Terra,  
berrando polo amigo.  
Que os homes vexan  
que a hirmandade e o amor  
aínda existen!

(Ti que estás no taborete  
¿comiche pan de coxete?  
-Eu comín, comín e ti rabeas  
por il.)

Déspotas e tiránicos,  
tal robots teledirixidos  
por líderes de barro,  
refugan as olladas garimosas,  
mófanse da inocencia  
e dos peitos afoutos.  
Son egoístas  
e o peor ¿sabedes?  
son almas mortas, secas, sen miolo,  
mergulladas na lama,  
que gozan fozando na carniza.  
Vós tedes o futuro nas mans.  
Vós sodes a semente  
que froitificará  
nun porvir ventureiro.  
Xogade,  
e que as vosas meixelas  
agoiren o anceiado triunfo  
do amor!





CONCELLO DE PARADELA



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERIA DE CULTURA**  
**E DEPORTE**

